

HISTORIA DA INFANCIA NA GALICIA CONTEMPORÁNEA

Xavier Castro

Resumo en galego: Examínase a historia xeral da infancia na historia contemporánea de Galicia, atendendo en particular ao papel do neno na sociedade. Era moi común enfaixar ós nenos, o que retardaba o seu desenvolvemente motriz. No medio rural, os nenos traballaban dende que tiñan forzas para facelo, pois a compañía familiar labrega necesitaba a cooperación de todos os seus integrantes. Ben noviños, pois, xa gañaban o pan que comían. Os nenos medraban daquela nunha atmósfera considerablemente violenta: eran moi numerosos os que recibían maltratamento na casa, na escola e na rúa.

A relación paterno-filial mudou dun xeito moi significativo. Antes os nenos non pintaban nada, nin tiñan dereito á privacidade. Había moitos nenos e isto non axudaba a que a súa estimación fose moi alta. Hoxendía hai poucos e doitan estar sobreprotexidos. Polo demais, as nenas adoitaban estar discriminadas.

Palabras chave: Nenez, trabalo infantil, discriminación de nenas, enfaixamento, relación paterno-filial, sobreprotección.

Resumen en castellano: Se examina la historia general de la infancia en la historia contemporánea de Galicia, atendiendo en particular al papel del niño en la sociedad. Era muy común enfajar a los niños, lo que retardaba su desarrollo motriz. En el medio rural, los niños trabajaban desde que tenían fuerzas para hacerlo, pues la compañía familiar campesina necesitaba la cooperación de todos sus integrantes: "El trabajo del niño es poco, pero quien lo pierde es loco", se solía decir. Desde muy pequeños, pues, ya ganaban el pan que comían. Los niños crecían por aquel entonces en una atmósfera considerablemente violenta: eran muy numerosos los que recibían maltrato en la casa, en la escuela y en la calle.

La relación paterno-filial se ha transformado de una manera muy significativa. Antes los niños no desempeñaban apenas ningún papel, ni tenían derecho a la privacidad. Había muchos niños y esto no ayudaba la que su estimación fuese muy alta. Hoy en día hay muy pocos niños y suelen estar sobreprotegidos. Por lo demás, las niñas solían estar discriminadas.

Palabras clave: Niñez, trabajo infantil, discriminación de niñas, enfajamiento, relación paterno-filial, sobreprotección.

Resumen en inglés: The general history of the childhood is examined in the contemporary history of Galicia, attending especially to the role of the child in the society. It was a very common *enfajar* to the children, which was retarding his motive development. In the rural way, the children were working since they had forces to do it, since the familiar rural company needed the cooperation of all his members: "The work of the child is small, but the one who loses it is mad", was in the habit of saying. From very small, so, already they were earning the bread that they were eating. The children were growing in those days in a considerably violent atmosphere: they were very numerous those who were receiving mistreatment in the house, in the school and in the street.

The relation between parents and children has transformed in a very significant way. Before the children neither were playing any role, and nor had right to the privacy. There were many children and this was not helping that his estimation was very high. Nowadays there are very few children and they are in the habit of being overprotected. For the rest, the girls were in the habit of being discriminated.

Key words: Childhood, infantile work, girls' discrimination, strip, paternal relation, overprotection.

O neno como suxeito histórico.

Os nenos tamén teñen historia. Existen, de feito, historias da infancia publicadas, como a de De Mause ou Ariès¹. Pero é este un feito en realidade pouco difundido, algo que se acepta dende hai unhas poucas décadas nada máis, e do que poucas persoas están ó tanto. Na mentalidade colectiva semella existir unha sorte de foto fixa sobre a infancia que implicitamente conleva a negación dunha evolución histórica da súa condición. Como se o neno fose un suxeito social sen historia, sempre idéntico a si mesmo. Como se a historia fose patrimonio exclusivo das persoas maiores. É posible que foran adultos os que protagonizasen a historia pero iso non é óbice para que os nenos, cando menos, a padecesen. E este tamén é un xeito de existir na historia; de ter, ó cabo, historia. Pero hai máis.

As cousas comezaron a cambiar mercé as teorías de Piaget que precisaron as etapas do desenvolvemento da intelixencia e resultaron dunha importancia decisiva por mor da súa aplicación á pedagogía. Novidades como a de que os nenos carecen nos primeiros anos do concepto de tempo, polo que non ten ningún sentido, por exemplo, impartirlles a asignatura de Historia. Foron tamén decisivas as aportacións de Freud, que desvelaban a realidade da sexualidade infantil –antes ignorada– e puñan o acento nos traumas producidos na infancia para explicar determinadas fobias, neuroses e outras psicopatoloxías dos adultos. Outro centroeuropeo, o poeta Rilke, cuñou unha expresión que ten sido moi traída e levada: “A infancia é a patria do home”. Poucos cuestionaron a partir de entón a importancia que ten a etapa da infancia no desenvolvemento posterior da persoa. Aínda hoxe é moi común escoitar a un adulto falar “do neno que aínda leva acobillado no seu seo”. Agora ben, algúns creadores, complicaron un pouquiño máis esta concepción. O poeta William Wordsworth tivo unha intuición xenial cando sostivo que: “The Child is father of the Man” (o neno é o pai do home). Convén *parar mientes* na trela. En realidade, tamén poderíamos falar de “o pai que todos levamos dentro”, cando somos adultos. Hai un momento de epifanía na vida das persoas. Aquel no que un descubre con abraio, cando empeza a ser maior e albisca que algúns rasgos do seu carácter son idénticos, ou se asemellan dabondo, os do seu pai; figura da que se cadra pretendíamos desmarcarnos, por resultarnos pouco plausibles tales riscos. Non é un desmarque nada doado de facer, como cadaquén pódeolo comprobar.

¹ Lloyd de Mause: *Historia de la Infancia*, Alianza, Madrid, 1991. Ph. Ariès; G. Duby: *Historia de la vida privada*, Vols. 3, 4, 5, Taurus, Madrid, 1988-1989. Cfr. tamén F. Bajo; J. L. Betran: *Breve historia de la infancia*, Madrid, 1998.

Dende hai algúns anos, pasou a converterse nunha idea comunmente aceptada a tese de que na etapa infantil é onde se forxa o cerne da personalidade do suxeito. Á luz dun enfoque complexo do eu, estruturado en facetas diversas e mudables co transcurso do tempo, é posible situar a aparente *boutade* de Borges: “Yo, que tantos hombres he sido”. Pois ben, de todos os seres que habitaron en nós, o neno que fomos foi quen de deixar unha pegada particularmente indeleble, para ben se a nenez foi pasablemente levada.

Alguén dixo que durante a infancia se vive, despois só se sobrevive.

Ó cabo, temos que, por debaixo da cuestión do protagonismo dos actores sociais e, en última instancia, da realidade do poder, encontrámonos coa simple cuestión do existir. E podemos estar certos de que as condicións sociais da existencia infantil e a mesma categorización, o senso de entender e considerar o neno, teñen mudado significativamente a través dos tempos. Mesmo dos tempos relativamente recentes.

Enfaixamento dos nenos.

Non existía unha indumentaria “para nenos”. Era, basicamente, a mesma que a dos adultos, pero de talla reducida. Cando non a mesma, herdada dos irmáns máis vellos ou do pai, e adaptada para eles, como se expón con detalle noutro apartado. A infancia non tiña un perfil tan nido e específico como o que adquiriu despois.

Era bastante común no medio rural enfaixar completamente ós nenos pequenos, porque se pensaba que era o mellor xeito de que se desenvolveran. Esta práctica estivo vixente, nunha época anterior, tamén no urbano: mesmo se enfaixaba ós fillos dos reis, como se pode observar nalgunha pintura de Velázquez). Risco recolle este feito², do que todo o mundo tiña coñecemento aínda non hai moitos anos. Segundo unha testemuña, enfaixábanse ós nenos cunha venda que lles apertaba ben o corpo porque pensaban que como tiñan uns osos moi brandos se non facían isto podíanseles deformar. O informante comparaba a situación dos naipelos que el coñeceu daquela, coa posterior, e tiña a impresión de que antes os bebés tardaban máis tempo en andar³. Resulta bastante lóxico —o polo tanto probable—, que fora así, xa que o enfaixado tiña por forza que frear o desenvolvemento psicomotriz do cativo co que retardaba a bipedestración. No medio urbano esta práctica estaba vixente nas familias a finais do século dezanove, como o pon de manifesto con certo detalle o doutor Jubala: “Non ben chega ó mundo un dos primeiros

² Vicente Risco: “Etnografía. Cultura Espiritual”, en Ramón Otero Pedrayo (dir.): *Historia de Galicia*, Volume I. *Primeira Parte: A Terra, O Home-I*, Editorial Nós, Buenos Aires, 1962, p. 496.

³ Entrevista realizada por Xavier Castro a Matilde Rodríguez Vázquez, quen obtivo a información do seu tío avó Eulogio Vázquez Pérez, nado no ano 1913 en Gullade (Monforte).

xa o oprime unha faixa, que non só suxeita o apósito que se coloca sobre os restos do cordón umbilical, senón que lle cobre enteiramente o ventre e o peito; cinguidiño, por suposto, pois é *unha monada* ver que o neno se mantén *teso* ós dous días do seu nacemento e o de menos é dificultar a súa respiración e o desenvolvemento do seu peito”⁴.

Traballo infantil.

En Galicia os nenos empezaban a ser explotados xa de nenos, segundo denuncian nas súas memorias Enrique Líster (*¡Basta!*) e Santiago Álvarez⁵. O socialista José Hervés Hermo criticaba, en 1913, o feito de que na maioría das fábricas conserveiras da ría de Vigo non se observaba unha xornada laboral especial para os nenos e as mulleres, senón que estaban suxeitos á xornada ordinaria de nove horas e media de traballo (sen contar hora e media de descanso). Ademais, cando abundaba a pesca tanto mulleres como nenos tiñan que facer a vela, como os demais traballadores, que supuña unha faena de seis horas pola noite, “sucendendo as veces que se enlaza a xornada do día ca do seguinte día”⁶.

O grupo familiar en Galicia necesitaba do traballo infantil. Por esta razón, como sulíñaba Mourelo, nun informe de 1884, a maior desgracia que podía acontecer a unha familia galega, por pobre que fora, era a de non ter fillos⁷. Ademais, en tal caso quedaba comprometida a continuidade da casa. A extinción dun grupo familiar, que viña perpetuándose xeración tras xeración, con conciencia de formar unha xinea, percibíase como unha traxedia.

Considerábase “natural” que os nenos traballaran no campo e, por tratarse polo xeral de traballos proporcionados as súas forzas, semellaban aceptables e mesmo positivos para o seu crecemento. A diferenza do traballo industrial, ollado como impropio e prexudicial. O apuntaba así Mourelo: “Hei de consignar ante todo unha idea bastante xeralizada, a saber: todo traballo que pola súa índole contribúa ó desenvolvemento e instrución dos nenos, poden estes executalo sen perigo. Así pois, se os labores do campo, practicados naquela medida que permite a idade, como se fai en Galicia, non perxudican o desenvolvemento físico, antes ben contribúen a el e permiten

⁴ Doctor Jubala: “Prácticas médicas”, artigo publicado na revista *Prácticas modernas*, La Coruña, 15-VI-1903, p. 142.

⁵ Santiago Álvarez: *Memorias*, Vol. 1, Edición do Castro, Sada (A Coruña), 1985.

⁶ AMCV. Acta de comparecencia de José Hervés Hermo na Casa Consistorial da cidade de Vigo, celebrada o 23 de agosto de 1913. O mencionado socialista verqueu tamén dita crítica nun artigo titulado: “El trabajo de los niños en la industria conservera”, *Solidaridad*, nº 653, 18 de xullo de 1913.

⁷ José Rodríguez Mourelo: “Condición de los niños labradores en Galicia”. Informe presentado en la Comisión de Reformas Sociales, en el año 1884. Reproducido en *Grial*, nº 144, Outubro, Novembro, Decembro 1999, p. 734.

a necesaria instrucción, poden, sen inconveniente ningún, consentirse”⁸. E cría que isto quedaba demostrado, entre outras probas, pola boa saúde e talla axeitada que alcanzaban a ter os máis dos rapaces. Como ben sinala Borrás Llop⁹, o criterio e a argumentación de Mourelo, e de tantos outros que como el pensaban –pois todo parece indicar que o seu punto de vista estaba moi espallado e mesmo era o que prevalecía-, presentan serias eivas. Pero constitúen unha proba evidente de que, ata que se produciu un cambio de mentalidade relacionado coa consideración da nenez, o traballo dos menores na agricultura só moi excepcionalmente suscitaba a reprobación pública¹⁰. Neste mesmo senso, resulta dabondo elocuente o plantexamento que facía desta cuestión a lei de 1873. Esta prohibía o traballo dos menores de dez anos en obradoiros ou minas, e limitaba –dun xeito sexista que pode semellar curioso– a cinco horas a xornada laboral das menores de catorce anos, e dos menores de trece. Pero, deliberadamente, deixaba fora do articulado o traballo no campo. Deste xeito, dunha maneira tácita, o traballo infantil quedaba aprobado¹¹.

O neno xa gaña o pan que come.

José Ramón Fernández-Ojea indicaba nunha memoria datada en 1932 que: “Desde muy temprano –a veces antes de la edad escolar- los niños ayudan a sus padres en los quehaceres domésticos, en los trabajos agrícolas y aún los sustituyen en el pastoreo de los ganados”¹². En efecto, os nenos labregos comezaban a traballar moi cedo. Tratábase dun proceso *natural*, que principiaba ós poucos, conforme os cativos ían tendo forzas, compaxinando xogos con labours. Viña isto facilitado pola vixencia dunha cultura laboral indistinta, na que non estaban moi afastados o ocio e o negocio. A familia labrega precisaba da aportación de todos os seus membros. Non había outra. E mesmo o apoio dos parentes e veciños, baixo a forma de traballo comunal, cando a faena era moita, ou ben era preciso realizala dun xeito intensivo, en breve prazo, como acontecía no tempo da malla ou da vendima, por citar dúas tarefas sobranceiras. Non podía permitirse o luxo de prescindir da

⁸ *Ibidem*.

⁹ José María Borrás Llop: “Condición dos nenos labregos en Galicia. O informe de Rodríguez Mourelo á Comisión de Reformas Sociais (1884): discurso e realidades, *Grial*, nº, 144, Outubro, Novembro, Decembro, 1999, p. 579.

¹⁰ *Ibidem*.

¹¹ José María Borrás Llop (Dir.): *Historia de la infancia en España*, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales-Fundación Germán Sánchez Ruipérez, Madrid, 1996.

¹² José Ramón Fernández-Ojea: “Memoria del opositor Jose Ramón y Fernández”, datada en abril de 1932. En Carmen Benso Calvo; Xosé Fernández Fernández: “José Ramón Fernández-Ojea, mestre. Memorias do seu paso por dúas escolas galegas”, *Sarmiento*. Anuario Galego de Historia da Educación, Nº 10, Outono 2006, p. 277.

contribución dos cativos. Convén ter en conta de que, polo regular, sumábase o traballo de catro ou cinco irmáns. Un refrán sinalaba ben as claras que: “O labor do neno é pouco, e o que o perde é un louco”¹³. Polo pronto, nunha explotación agrícola, o neno aforraba sempre á casa o gasto dun criado¹⁴.

En Galicia, adoitábase dicir que: “cada neno que nace, non é unha boca que come, son dous brazos que traballan”¹⁵. Xa de pequeno, con tres ou catro anos, realizaba as modestas tarefas que as súas febles forzas lle consentían¹⁶. Empezaban a axudar no que podían: nas cousas da casa, facendo *mandiques* (ou sexa, encarguiños ou recados de pouca importancia) e acompañando asemade ós maiores ó monte cando ían gardar o gando¹⁷. Dende os catro ou cinco anos, comezaban a iniciárense nos traballo agrícolas. Polo xeral, o primeiro que facían era ir diante da xugada cando se aplicaba a arar a leira, marcándolle o camiño para que os animais fixeran o suco dereito. Os pais adoitaban dicir nese momento, que tiña algo de iniciático: “o neno xa vai dediante das vacas”¹⁸. Ocupábanse moi logo de conducir o carro de bois onde houbera que levalo. De moi cativiños, encargábanlles tamén a rega dos prados, o transporte da auga e tiñan que andar ademais á procura de leña no monte¹⁹. Un pouco maiores, pero aínda con pantalóns curtos, axudaban nunha grande variedade de labouras: carrexando os feixes na seitura, enchendo os cestos cos acios que lles pasaban as vendimadoras, pisando as uvas, apañando as patacas, buscando reses perdidas... Tamén gardaban a casa mentres os pais andan no campo²⁰. Tampouco se libraban do esforzado labor da malla. Isto tiña de bo que non se perdían así a festa que levaba aparelhada. Era ademais moi común ver pasar a un neno cargando con pesos. Ilustra isto ben o testemuño de Balbino: “Un día fun á feira coa tía Carme. Sempre me gostou ir á feira, anque tivese que levar un quino pola trenla ou apandar coa cesta de pexegos que me ponían derriba. (...) Esta vez miña tía levoume pra que cangase á volta cun feixe de repolos”²¹.

As nenas e os nenos labradores pasaban unha tempada longa exercendo como pastores. Xa antes dos sete anos andaban no monte (existe

¹³ Vicente Risco: “Etnografía. Cultura Espiritual”, Ob. cit, p. 505.

¹⁴ José Rodríguez Mourelo: “Condición de los niños labradores en Galicia”. Informe cit., p. 738.

¹⁵ *Ibidem*, p. 733.

¹⁶ *Ibidem*.

¹⁷ Vicente Risco: “Etnografía. Cultura Espiritual”, Ob. cit, p. 505.

¹⁸ *Ibidem*.

¹⁹ José Rodríguez Mourelo: “Condición de los niños labradores en Galicia”. Informe cit., p. 733.

²⁰ *Ibidem*, p. 736.

²¹ Xosé Neira Vilas: *Memorias dun neno labrego*, Eds. do Castro, Sada (A Coruña), 1972 (1ª ed. 1961), p. 77.

unha foto moi conmovedora que mostra unha nena coidando as vacas²², onde ían descalzos ou calzados coas zocas, precariamente vestidos e adoitaban comer pouco e mal²³. “(...) Cando pasa o sarampelo / e chega a ter sete anos, / cunha codela de pan / pra todo o día despáchano, / e sin pucha na cabeza, / case en coiros e descalzo, / pásase os días no monte / a facenda arrecadando”²⁴. Pero en contacto coa natureza encontraban moitas ocasións de diversión e algunhas veces gozaban da compañía doutros nenos / amigos, e sempre do seu inseparable can e, se cadra, tamén dunha ovella²⁵. Un campesiño lembraba que ir de pequeno coas vacas ó monte parecíalle moi divertido, en especial cando ían varios rapaces e podían xogar²⁶.

A estreita e continuada relación coas vacas facía que lle acabaran collendo un grande aprecio. Castelao recrea artisticamente unha escena –seguramente, facéndose eco dun relato popular²⁷– na que un mozo que marchaba para o servizo, ó despedirse dos pais consegue controlar as súas emocións. Pero, en cambio, non pode conterse cando pasa por diante das vacas, e daquela ponse a chorar con desconsolo. Vicente Risco evocou con expresiva gracia a estampa da infancia pastoril: “O que se lles confía dun modo especial, e que fan iles soios, é estar co gando no monte. Pasan neste moitas horas, ás veces un solíño, outras tres ou catro xuntos, enredando como poden cos bechos ou cas herbas, dependendo por si mesmo ou uns cos outros unha chea de cousas”²⁸. Rodríguez Mourelo indicaba no antecitado informe²⁹ que, dende os sete anos de idade, os nenos de familias labradoras se consagraban ós labores duros e penosos do campo. Daquela, cando acontecía que algún pai ollaba a un fillo pequeno que estaba a traballar, non podía evitar sentirse unha miga fachendoso de poder comentar con alguén veciño que o seu cativo: “xa gaña o pan que come”³⁰.

Un momento decisivo, que marcaba unha sorte de fronteira iniciática, tiña lugar cando o neno xa tiña forzas dabondo como para manexar a aixada,

²² Carlos Martínez-Barbeito: *Galicia*, Destino, Barcelona, 1957, p. 90

²³ José Rodríguez Mourelo: “Condición de los niños labradores en Galicia”, ob. cit., p. 736.

²⁴ Valentín Lamas Carvajal: “Pasión e morte do labrador galego, *O Tío Marcos d’a Portela. Parrafeos c’o pobo gallego*, 31 de marzo de 1889. Texto tomado de Antón Costa Rico: *Historia da educación e da cultura en Galicia (Séculos IV-XX): Permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2004, p. 1175.

²⁵ José Rodríguez Mourelo: “Condición de los niños labradores en Galicia”. Informe cit., p. 736.

²⁶ Xosé Ramón Mariño Ferro: *Autobiografía dun labrego*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1986, p. 19.

²⁷ A anécdota de Castelao aparece tamén referida na testemuña dun labrego. Cfr. Xosé Ramón Mariño Ferro: *Autobiografía dun labrego*, Ob. cit., p. 28.

²⁸ Vicente Risco: “Etnografía. Cultura Espiritual”, Ob. cit, p. 505.

²⁹ José Rodríguez Mourelo: “Condición de los niños labradores en Galicia”. Informe cit., p. 736.

³⁰ Vicente Risco: “Etnografía. Cultura Espiritual”, Ob. cit, p. 506. Tamén se refire a esta expresión José Rodríguez Mourelo: “Condición de los niños labradores en Galicia”. Informe cit., p. 736.

ferramenta esencial do laboureo agrícola. Isto, e que asemade fora capaz de empuñar a rabela do arado, supuña que xa era quen de realizar practicamente calquera das tarefas que correspondían a un adulto. Se ben, tiña que comer aínda moito caldo para chegar a ter a súa forza e habelencia nas labours da labranza.

En particular nas épocas nas que o traballo nos eidos era apremiante, os nenos tiñan que estar a facer cousas, non se aceptaba que puideran folgar despreocupadamente: “O que pasa é que non había vicio na juventud, nin nada deso, que traballaban, ou iban na escola, e un rato libre era traballar, que non era estar sin facer nada como aghora, eh! Que non encontro máis que rapaces sin facer nada na calle e, con ghanas de facer mal. Entonces eso non había, porque... puñas un banco nun sitio, ou puñas unha cousa nun (...). Pero os rapaces, como estaban ocupados, ó mellor viñan do colexio, “hai que alindar”, e todo, ¿non sabes? Eso valía a vida”³¹.

Isto dicían as nais sobre o traballo dos seus nenos: “ (...) aquí teñen dabondo coa corda das vacas e co mango das ferramentas: a sacha para cavar e tomá-las augas, a eixada para roza, o angazo para xuntá-lo estrume, a forcada para cargá-lo, as picañas pr’arrincá-lo esterco... de xeito que máis ben que exercicio, fai-lles falta descanso; e na escola chega-lles moi ben ler, escribir e contar, e xa iles aprendan ben iso...”³²

Nas tarefas que realizaban nenos e nenas a partir dos sete anos, xa se perfilaban máis nidiamente as diferencias de xénero: as nenas traballan maiormente na casa; os nenos, no campo³³.

Traballar polo teito e a mantenza.

Os párvulos nados en familias pobres -sobrados soamente en fillos-, entraban a servir nun fogar alleo xa de bastante pequenos. Cando comezaban a traballar como criados nalgunha casa de labranza forte, case sempre veciña ou non moi afastada da súa aldea, encargábanlles a garda da facenda (que así se designaba ó gando), o desempeño de pequenas tarefas e algúns mandados³⁴. Durante os primeiros anos, correntemente dábanse por ben pagados coa comida e o teito que se lles ofrecía, e xa podían dar gracias a Deus se o patrón lles dispensaba un trato paternal, e non lles mallaba as costas a paos (era moi habitual antano baterlles ós criados cando cometían

³¹ Entrevista realizada a Teresa Pedrós, Xa cit.

³² Manoel García Barros (Ken Keirades): “O fútbol en Malpocados”, *Contiños da Terra*, Volume 42, A Cruña, 1931, p. 233.

³³ José Rodríguez Mourelo: “Condición de los niños labradores en Galicia”. Informe cit., p. 736.

³⁴ Vicente Risco: “Etnografía. Cultura Espiritual”, Ob. cit, p. 506.

algunha torpeza ou desgustaban sinxelamente ós amos) e os premiaba con algunha modesta pecunia.

Polo demais, os nenos de familias campesiñas pobres adoitaban saír a gañar un xornal carrexando terra ou servindo de auxiliar en diferentes oficios³⁵. Algúns tiñan que saír a traballar: “bien como ambulantes en oficios de paragüero, barquillero, etc. O bien por tener que ir a segar en tierras lejanas”³⁶. Cando traballaban como aprendices dun oficio, no comercio, ou na industria, aínda que xa rendían, considerábase que estaban aprendendo. Deste xeito, tardaban en gañar cartos. Polo regular, non percibían nin unha cadela durante os catro primeiros anos en que estaban de aprendices cun ferreiro, oleiro, etc., segundo consignaba unha pescuda levada a cabo pola *Comisión de Reformas Sociales*. No caso de que faenaran nun lugar afastado do seu domicilio cando menos o facían a cambio do teito e a mantenza. Logo, xa mociños, o salario que percibían era verdadeiramente irrisorio. E, polo regular, tíñanllo que dar ós pais. Deste xeito, nunha vila, unha señora presumía do seguinte: «Mi hijo es un muchacho bueno, estudioso y trabajador; jamás se queda con el salario que gana, no fuma, no juega, no se emborracha, no hace mal a nadie; lo único que le gusta es leer, discutir de política y en eso tiene sus propias ideas»³⁷.

Este interesante testemuño de Santiago Álvarez ilustra a experiencia laboral dun neno: “Antes de dejar la escuela, alternaba ya la asistencia a clase con la participación en las faenas agrícolas, tanto en la modesta propiedad familiar como, en ocasiones, contratado a jornal.

Recuerdo que mi primer salario lo gané trabajando para las señoras de Sierra, de San Miguel (Doña Carmen Doña Cristina), que transformaron unas huertas en prado allá por el otoño de 1921, cuando yo tenía ocho años. Pagaban dos reales (0,50 pts.) al día y, algunas veces, cuando me «portaba bien», me regalaban un par de manzanas. Otras veces me llamaban para que les recogiese fruta de los árboles. Dona Cristina, sobre todo, me pedía que cantase, porque así, cantando, no podía --según ella-- comer, aunque quisiera, fruta alguna de la que recogía.

Cumplidos los catorce años, además de tomar parte en las faenas de siembra, cuidado y recolección de las cosechas, en la economía

³⁵ José Rodríguez Mourelo: “Condición de los niños labradores en Galicia”. Informe cit., p. 738.

³⁶ José Ramón Fernández-Ojea: “Memoria del opositor Jose Ramón y Fernández”. En Carmen Benso Calvo; Xosé Fernández Fernández: “José Ramón Fernández-Ojea, mestre. Memorias do seu paso por dúas escolas galegas”, *Sarmiento*. Anuario Galego de Historia da Educación, Nº 10, Outono 2006, p. 278.

³⁷ Santiago Álvarez: *Memorias*, Vol. 1, Ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1985, p. 18-19.

familiar, trabajaba ya como jornalero adulto, aunque no siempre ganase el correspondiente salario.

Eso de explotar doblemente a los niños y a los jóvenes es tan antiguo como la explotación de la mano de obra asalariada.

En el curso de los once, doce y trece años, trabajé muchas veces como aprendiz o pinche con las cuadrillas de obreros que algunos propietarios solían reunir para podar, escavar o cavar las viñas³⁸.

No caso de que os nenos non tivesen que procurar traballo fora da casa, non se lles retribuía o seu labor. E, para o seu infortunio, a situación non adoitaba variar cando chegaban a mocidade. En efecto, alá onde os fillos traballaban para a casa á que perteñecían as gañancias habidas administrábaas o petrucio, quen era libre de darlles discrecionalmente a cada un deles algún diñeiro de peto para os seu gastos. Algúns mozos percibían con incomodidade esta situación de dependencia, en especial se o patrón era agarrado e apenas lles soltaba cartos. Quizais a estampa de Castelao na que un país lle pregunta ó fillo por qué quería marchar para a América se na casa non carecía do pan que necesitaba, poida ter esta explicación.

No medio mariñeiro, as cousas non acontecían de moi distinta maneira. Os nenos axudaban a carrexar o peixe e en todo aquilo que podían. Os rapaces, dende que encetaban a adolescencia, xa ían faenar ó mar³⁹. Polo demais, segundo o testemuño de Fernández-Ojea, os cativos, “En la costa participan también en las faenas del transporte de la pesca, y cuando llega al puerto alguna tarrafa, los niños van con sus madres entrando en el mar vestidos y con el agua hasta más arriba de la cintura, para trasladar la sardina, en cestas llevadas a la cabeza, desde el barco a la fábrica⁴⁰”.

Nenas que facían de naiciñas.

As mulleres labregas adoitaban estar sobrecargadas de traballo, isto non ten dúbida. Tiñan que organizar un sistema vicario con carácter permanente, poderíamos dicir estrutural, porque decote andaban agobiadas polas moitas faenas que tiñan que realizar, e moi rara vez folgaban. Debían recorrer ás fillas, sen que constituíra un atranco o feito de que aínda foran ben pequenas, pois precisaban indefectiblemente da súa contribución laboral para dar conta do pesado fardo da laboría que lles correspondía, na

³⁸ *Ibidem*.

³⁹ Entrevista realizada por Xavier Castro a Antonio Pereiro, mariñeiro nado en Bueu, no ano 1936.

⁴⁰ José Ramón Fernández-Ojea: “Memoria del opositor Jose Ramón y Fernández”. En Carmen Benso Calvo; Xosé Fernández Fernández: “José Ramón Fernández-Ojea, mestre. Memorias do seu paso por dúas escolas galegas”, *Sarmiento*. Anuario Galego de Historia da Educación, Nº 10, Outono 2006, p. 277.

casa e no campo. A contribución das nenas nas tarefas do fogar resultaba particularmente perentoria cando a nai tiña que ausentarse da casa para ir a feira, o muiño ou ó monte na procura de leña. Os primeiros fillos tiñan que quedar sos en moitas ocasións. Os que viñan despois tiñan máis sorte e podían quedar ó coidado das irmás máis vellas: “Non chores, meu irmanciño, / que a naiña está a chegar: / foi pola fariña o muiño / e non nos ha de tardar”⁴¹. Outra copla recolle o laio dunha nena que ten o seu cargo ós seus irmáns máis cativos: “Teño ó meu pai na forxa, / miña nai na sementeira, / teño tres irmaus pequenos. / ¡qué sorte máis puñeteira!”⁴². As meniñas atendían, polo tanto, ós irmáns máis novos: coidaban do seu aseo e da súa seguranza. Ocupábanse tamén da súa alimentación e, en suma, da crianza dos meniños, dándolles primeiro de comer, e logo máis tarde xa os ían aprendendo a que comeran eles sos. Tiñan que estar pendentes deles dúas ou tres veces o día, como refería o informe de Mourelo: “Cando asoman os dentes e o neno comeza a andar, xa se abandona ó seu propio esforzo; danlle de comer dúas ou tres veces durante o día, e déixano co can e as galiñas revolverse e manexarse segundo lle pareza, sempre descalzo, a non ser os domingos e na festa do lugar”⁴³. Por esta función que desempeñaban, recibían as nenas a denominación de *naiciñas*, como apuntaba Vicente Risco⁴⁴.

Certo é que cando non había nenas os nenos maiores tamén quedaban ó cargo dos máis pequenos⁴⁵. Temos un exemplo disto nunha referencia feita por García Barros na descrición que fai das peripecias de Alberte Quiñoi. Pero convén precisar que en tales casos, realizaban exclusivamente un traballo de vixilancia, por mor do reparto sexista das tarefas, en consonancia co modelo de división de traballo vixente en todo o campo europeo, e non adoitaban asignarlles outras tarefas, como asealos, etc. Isto o que se pode ver asemade exemplificado na citada obra de García Barros⁴⁶.

Tampouco tiñan máis remedio que cociñar, en moitas ocasións, algo que había que facer de xeito ineludible: cando menos tiñan que ter conta do

⁴¹ Cantiga Nº 196. *Cantigas sociais. Recollidas do pobo*, Ed. Castrelos, (Col. O Moucho), Vigo, 1969, p. 41.

Xaquín Lorenzo Fernández, *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, Editorial Galaxia, Vigo, 1973, p. 29.

⁴² Cantiga Nº 200. *Ibidem*.

⁴³ José Rodríguez Mourelo: “Condición de los niños labradores en Galicia”, ob. cit.

⁴⁴ Vicente Risco: “Etnografía. Cultura Espiritual”, Ob. cit, p. 505.

⁴⁵ José María Borrás Llop: “Condición dos nenos labregos en Galicia. O informe de Rodríguez Mourelo á Comisión de Reformas Sociais (1884): discurso e realidades”, Art. cit., p. 582.

⁴⁶ Ó rapaz que ten que quedar na casa para coidar do cativo non lle mandan nada máis que ocuparse da súa vixilancia. Manuel García Barros (“Ken Keirades”): *As aventuras de Alberte Quiñoi. Novela galega humorística e de costumes. Desfile de vida campesiña*, Vía Láctea Editorial, A Coruña, 1990, p. 69.

lume, que era mester manter vivo para que ferveise o pote durante o tempo necesario na lareira. Convén ter presente que, polo regular, as preparaci3ns culinarias ordinarias –caldo ou cocido, por exemplo– requirían varias horas de cocci3n. As nenas axudaban, pois, dende moi noviñas a cociñar e a acender o lume na lareira. Tamén tendían a roupa, pelaban as patacas (disto non se zafaban tampouco os seus irmanciños), laboura que requiría unha considerable cantidade de tempo, dada a importancia que tiña este tubérculo na gastronomía campesiña. Ademais, levaban a merenda ós homes cando traballaban lonxe. En canto xa eran “un pouco maiorciñas” facían elas case todo namentres as nais traballaban ou estaban ocupadas fóra.

Fulastríños

Despois de referir o antedito, pode que resulte abraiante que un historiador mencione que era escasa a estimanza que a sociedade rural – nomeadamente os petrucios– tiña polas nenas. Pero o feito é que os nenos recibían un aprecio notoriamente máis alto. Pero ben é verdade que, en conxunto, os infantes –en tanto que grupo de idade– non gozaban dunha consideraci3n elevada. Hai que ter en conta que aquela era unha sociedade chea de nenos e rapaces novos. Aínda que morría unha porcentaxe elevada a fins do dezanove máis do cincuenta por cento da poboaci3n galega era menor de 14 anos⁴⁷. Cada familia tiña un promedio aproximado de 4 ou 5 nenos, o que implica que a atenci3n que recibía cada crío non podía ser moi grande. E a súa estimanza difería moito da actual. Nas familias labregas e populares a morte dun neno distaba de adquirir os caracteres tráxicos que reviste nos nosos días. Tampouco semella que pesara en exceso nons medios populares urbanos, según o testemuño de Pío Baroja: nunha das súas novelas, un pai leva a enterrar ó seu neno morto ó cemiterio sen apenas cerimonia. Outra actitude quizais houbera no seo das clases medias e altas, ou en determinados casos individuais: como o de Valle-Inclán, gravemente aflixido polo falecemento dun fillo pequeno por mor dun accidente acontecido en Cambados.

Custa entender, dende a óptica da sociedade actual, que os valores sociais fosen antano tan contrastantes: na época actual o importantes son os fillos, entremetres que, no pasado, os importantes eran os pais. Manuel García Barros, cultivador do xénero costumista, indicaba que: «Nos tempos de nosos abós, e hastra de nosos pais, os nenos eran considerados coma

⁴⁷ A proporci3n de nenos en Galicia era do 56, 20 por cento, segundo o censo de poboaci3n de 1877. Cit. por José Rodríguez Mourelo: “Condici3n de los niños labradores en Galicia”. Informe cit., pp. 734-735.

fulastríños que había que criar porque Diolo-os daba”⁴⁸. Non semella que se lles dera, pois, ós nenos demasiada importancia, e para ilustrar isto Barros recorría a unha anécdota tirada da súa propia experiencia persoal: “Cando se fixo a nosa escola de Rubin, conta o Mayestro qu’hoxe temos que viu él xente que s’admiraba vendo facer un edeficio tan bo ¡pra meter rapaces dentro!»⁴⁹. Parecíalles moito para os cativos.

Na Galicia de 1905 parecía ser maior preocupación social pola sorte dos vellos –moi respectados antano en tanto que portadores dun saber experiencial que se valoraba– que pola dos nenos, ó contrario do que sucede actualmente. Decía unha persoa informada, colaborador dunha revista de difusión de coñecementos agro-gandeiros, referíndose as fundacións benéficas, que: “Abundan más los *asilos* para *ancianos* que para *niños*, como si nuestros filántropos mirasen más para *atrás* que para el *porvenir*”⁵⁰. Por certo, as antigas inclusas e hospicios onde ía a parar o elevado número que había de nenos expósitos, abandonados polos seus pais, eran practicamente matadoiros; a taxa de mortalidade infantil era, en efecto, en moitos destes centros estremecedora, con cifras que andaban entre o setenta e o noventa por cento⁵¹. Ítem máis: o *abandono de párvulos* era un dos maiores dramas sociais⁵². En 1870, o abandono dun neno menor de sete anos estaba castigado soamente coa pena de arresto maior e multa de entre 125 e 1.250 pts⁵³.

Polo demais, apreciase nesta cuestión unha salientable veta sexista. En efecto, a desvalorización das nenas semella ter constituído un feito que non sera en absoluto peculiar de España, xa que é posible constatalo asemade en diferentes países e mesmo en distintos ámbitos de civilización.

Un dos grandes artistas da plástica contemporánea, pintor coñecido por realizar os seus cadros cunha acrisolada sensibilidade poética, Marc Chagall, sincerábase na súa autobiografía desta maneira, tan contrita: “Y nuestra hijita está con nosotros. Perdóname, querida, de no haberme acordado anes de ti, de no haber venido a verte hasta el cuarto día de tu nacimiento.

⁴⁸ Manuscrito redactado por Manuel García Barros e lido en 1923 por Manuel Novo Fondevila, na Festa dos Pereiriños, celebrada no Concello de A Estrada. Reproducido por Marisa Pazos, na revista *Estudios Migratorios*, nº 7-8, 1999, p. 237.

⁴⁹ *Ibidem*.

⁵⁰ Juan Alvarado y Albo: “Un proyecto”, *Prácticas Modernas*, Año III, La Coruña, 1 de marzo de 1905, p. 50

⁵¹ J. Pérez García: “La mortalidad infantil en la Galicia del siglo XIX. El ejemplo de los expósitos”, *Liceo Franciscano*, 1976.

⁵² *Vida Gallega*, Nº 405, 28 Febrero 1929, s. p.

⁵³ *Código Penal de 1870*, Lib. II. – Tit. XII. Capit. III, art. 501. In Jacobo López Barja de Quiroga, et alii (Comps.): *Códigos Penales Españoles. Recopilaciones y concordancias*, Akal, Madrid, 1987, p. 621.

Es vergonzoso. Había soñado con un niño y era lo contrario”⁵⁴.

É semella de todo punto evidente que tal discriminación se rexistraba tamén noutros ámbitos distintos da civilización occidental. En Oriente, tamén semella ter sido moi habitual a preferencia dos pais (e quizais tamén das nais) a prol da descendencia varonil. En China, o abandono das nenas producíase antano con moita frecuencia. E non parece que cambiara radicalmente esta mentalidade nos nosos días. No ano 2005, a detección precoz do sexo do feto determinou a emerxencia dunha taxa moi superior de abortos femininos, o que alterou a correlación habitual entre os nacidos de distinto sexo (aproximadamente, 102 nenas por 98 nenos). O que ocorreu foi que os bebés baróns chegaron a ser un dezaoitio por cento máis.

En Galicia, esta mentalidade estaba amplamente espallada polo medio rural, pero tampouco se pode dicir que no espacio urbano contara con escasa aceptación. Efectivamente, non ten dúbida que as nenas eran menos valoradas socialmente que os cativos varóns. Deste xeito, cando viña ó mundo un neno, dicíase non poucas veces, con ledicia: “naceu un pan no forno”⁵⁵. Cando nacía unha nena, calaban.

Encontramos unha testemuña que reflicte de xeito acaído esta discriminación nunha obra da autoría de Emilio Pardo Bazán, escrita coa intención de plasmar “un fragmento de vida”: Trátase de *Doña Milagros*, novela publicada a fins do século dezanove. Cobra vida nela o probo e decadente fidalgo Benicio Neira, rendista que se amoldaba con moita dificultade ás estreiteces dunha vivenda moderna en Marineda. Refería a escritora que Deus lle outorgara unha fecunda descendencia na que predominaban abrumadoramente as femias. Pesaroso co seu sino, facía a seguinte confesión: “Empecé a ver que lo que complicaba la situación de mi familia, era la fatalidad de que la naturaleza se empeñase en regalarme hembras y no varones. Son las hembras, desde tiempo inmemorial, la plaga, la aflicción y el castigo de la fecundidad humana. He oído que en algunos países se acostumbra darlas muerte al nacer; y aunque se me haga duro creer tan horrible crueldad, lo cierto es que aquí, si no las matamos, renegamos de ellas”⁵⁶.

Unha das causas primordiais desta minusvaloración do sexo feminino viña dada pola incerteza económica das súas perspectivas de sostemento no futuro, e por mor do pouco rendibles que semellaban as fillas no presente para economía familiar (en particular, no medio urbano): os rapaces podían

⁵⁴ Marc Chagall: *Mi vida*, El Acantilado, Barcelona, 2004, p. 182.

⁵⁵ Entrevista realizada por Xavier Castro a Pilar Blanco, nada arredor de 1965, en Mogor (Marín).

⁵⁶ Emilia Pardo Bazán: *Doña Milagros. Obras completas (Novelas y cuentos)*, T. II, Aguilar, 3ª ed., Zaragoza, 1964, p. 375.

traballar e, durante os primeiros anos de labor –cando obtiñan retribución– adoitaban achegar unha parte substancial dos seus ingresos ós pais, como xa indicamos. Coas mozas non acontecía outro tanto e mesmo cumpría prepararse para dotalas, para que conseguisen un pretendente que estivese disposto a contraer matrimonio con elas e, por conseguinte, a mantelas. A súa saída da casa representaba un alivio financeiro. Esta orde de preocupacións aparece plasmada nas cavilacións que realizaba o atribulado proxenitor, tal como o concibiu Dona Emilia, na citada obra: “Once veía yo a mi alrededor, como los retoños de la oliva: cinco casaderas, una que lo sería bien pronto, y las demás, pobres criaturitas indefensas, desarmadas para todas las luchas, sin más apoyo que la protección de un hombre ya entrado en años, con un pie en el sepulcro. Si aparecían maridos, soberbio; pero si no aparecían, ¿qué iba a ser de mi prole? ¿Qué comerían hoy o mañana? ¡Como no echasen en el puchero el consabido aguilucho!...”⁵⁷. Situado en tal tesitura, as súas esperanzas estaban cifradas no fillo varón, ó que lle concedía oportunidades privilexidas para que realizara estudos, posto que: “Si Froilancito despuntaba, las ampararía... ¡Era preciso que Froilancito nos saliese una eminencia!”⁵⁸. Pero o rapaz resultou ser un lacazán e carecía ademais das necesarias luces. Unha das irmáns, en cambio, tiña unha intelixencia esperta e inquedanzas culturais. Pero o seu pai non consideraba axeitado que unha rapaza estudiara. Iso non podía ser: no seu criterio, as mulleres non valían para tal angueira. Non conviña que as mulleres fosen *literatas*, como advertía Rosalía de Castro, e asemade Clarín, nas páxinas de *La Regenta*. O reputado médico Roberto Nóvoa Santos escribiu poucos anos despois un libro, *La indigencia espiritual del sexo femenino*⁵⁹, no que consideraba as mulleres de todo punto incapaces para consagrarse os quefaceres intelectuais.

Por outra banda, en tempos recuados, *ma non troppo*, constátase –no noso país e noutros do noso entorno, como Francia, poño por caso– que cando a natalidade non cesaba de medrar e os recursos escaseaban, non era en absoluto insólito que algunhas familias recorran non só a aborto, senón mesmo tamén ó infanticidio. Hai que ter en conta que os pais sentíanse moitas veces desesperados polo espantallo da fame. Por suposto, perpetraban este delicto dun xeito máis ou menos disimulado ou encuberto. Pero nin que dicir ten que a Igrexa católica tiña constancia de tal proceder: pola vía privilexiada do confesionario. Un dos procedementos máis empregados para acabar coa vida dun naipelo consistía en telo arrimado a nai no leito mentres durmía

⁵⁷ Emilia Pardo Bazán: *Doña Milagros*. *Op. cit.*, p. 375.

⁵⁸ *Ibidem*.

⁵⁹ Roberto Nóvoa Santos: *La indigencia espiritual del sexo femenino*, Prometeo, Valencia, 1908.

con el pola noite, pois era moi habitual que toda a familia descansara xunta. Deste xeito, case como sen querer, procedía a afogalo. Podía semellar así un accidente involuntario. Tal era a excusa máis habitual. Esta era unha das máis poderosas razóns polas que os cregos adoitaban instar as nais a durmir nun leito afastado dos fillos. Temos unha proba disto nun *Manual de confesores*, publicado no ano 1845, no que, entre as cuestións primordiais que os cregos deberían recordar máis a miúdo ós fieis na súa predicación, sinalábase a seguinte: que os pais “no metan a sus hijos en la cama con ellos, si son muy pequeños por el peligro de ahogarlos, y si son grandes, es decir, despues de los seis años, por el peligro de escandalizarlos. Con mayor razón han de evitar que duerman juntos los hermanos de diferente sexo”⁶⁰.

Pois ben, sábese que eran as nenas quen padecían con máis frecuencia tales agresións.

Temos, pois, que a discriminación da muller, daba comezo xa na etapa infantil. As nenas eran menos apreciadas e mesmo menos visibles. Quizais non sexa improcedente unha observación a este respecto: é posible que non teña sido un feito casual que ó escritor Xosé Neira Vilas se lle ocorrera plasmar por escrito as *Memorias dun neno labrego*, e non as dunha nena labradora. O feito reflicte a mentalidade dunha época na que resultaba patente a invisibilidade do sexo feminino na literatura testemuñal e nos tratados de etnografía. E tamén evidentemente noutros moitos eidos.

Responsabilidade penal dos menores.

Os mozos non conseguían que se lles recoñecera a maioría de idade civil ata chegar ós 23 anos⁶¹, pero, en cambio, xa antes de dita idade tiñan a obriga de facer o servizo militar, e dende ben cedo, cando cumprían os 10 anos, xa tiñan responsabilidades penais. En efecto, a lexislación penal do século XIX (expresada nos códigos penais de 1927 e 1870⁶²), determinaba que o menor de 9 anos quedaba exento de responsabilidade penal, e asemade tamén o maior de 9 e menor de 15, “á no ser que haya obrado con discernimiento”. No momento da celebración do xuízo, o tribunal tiña que facer declaración expresa sobre este punto para impoñerlle unha pena, ou ben declaralo irresponsable. No suposto hipotético de que fora declarado irresponsable: “(...) será entregado a su familia con encargo de vigilarlo y

⁶⁰ J. Gaume: *Manual de confesores*, T. 2, Imprenta de José Félix Palacios, Madrid, 1845, p. 318.

⁶¹ O Código civil de 1889 estipulaba que: La “mayor edad” comenzaba a los 23 años cumplidos. Agora ben, as “hijas de familia”, a pesar de ser maiores de idade, non podían deixar a casa paterna sen licenza do pai ata despois dos vintecinco anos, como non fose para “tomar estado”. *Código Civil*, arts. 320 e 321, Imprenta del Ministerio de Gracia y Justicia, Madrid, 1889, p. 150.

⁶² Cfr. *Códigos Penales españoles. Op. cit.*

educarlo. A falta de persona que se encargue de su vigilancia y educación, será llevado á un establecimiento de beneficencia destinado á la educación de huérfanos y desamparados, de donde no saldrá sino al tiempo y con las condiciones prescritas para los acogidos⁶³. Como es pode apreciar, non había moita consideración cos menores.

Fillos naturais.

O artigo 63 do Código civil de 1889 distinguía entre fillos lexítimos e “naturais”, que podían ser recoñecidos ou non⁶⁴. En efecto, o artigo 129 establecía que: “El hijo natural puede ser reconocido por el padre y la madre conjuntamente, ó por uno solo de ellos⁶⁵. Ademais de obrigar ó pai a recoñecer ó fillo ilexítimo, a lei lle concedía a súa protección; así estipulaba o artigo 132 que: “Cuando el padre ó la madre hiciere el reconocimiento separadamente [na acta de nacemento, no testamento ou noutro documento público], no podrá revelar el nombre de la persona con quien hubiera tenido el hijo, ni expresar ninguna circunstancia por donde pueda ser reconocida⁶⁶. Para reforzar isto se estipulaba que os funcionarios públicos non poderían autorizar documento público ningún non que se faltare a este precepto e, se a pesares desta prohibición, o fixeran, se lles multaría pecuniariamente e se tacharían de oficio as palabras que contiveran aquela revelación⁶⁷. O fillo natural non recoñecido non tiña dereito a recibir do proxenitor que non o recoñecera nin alimentos, nin o apelido nin *porción hereditaria*⁶⁸.

Ademais, no caso dos fillos naturais, a paternidade non se podía investigar (coa excepción, problemática –dependendo do que establecera o Código penal- dos casos de violación, estupro e rapto⁶⁹). A nai, en cambio, estaba obrigada a recoñecer ó fillo natural “Cuando se pruebe cumplidamente el hecho del parto y la identidad del hijo⁷⁰”.

Educación dos nenos na familia.

Os nenos eran educados⁷¹ no sometemento e dun xeito distante. Non se lles daba a opción de poder expresar libre e espontaneamente o que sentían ou desexaban, senón que máis ben se lles impuña a idea do acatamento e a

⁶³ Art. 8º. *Código penal reformado*, Imprenta del Ministerio de Gracia y Justicia, Madrid, 1870, p. 3.

⁶⁴ *Código Civil*, Imprenta del Ministerio de Gracia y Justicia, Madrid, 1889, p. 79.

⁶⁵ *Ibidem*, p. 98.

⁶⁶ *Ibidem*.

⁶⁷ *Ibidem*.

⁶⁸ Art. 134. *Código Civil*, Ob. cit., p. 99.

⁶⁹ Art. 135. *Ibidem*.

⁷⁰ Art. 136. *Ibidem*.

⁷¹ Doctor Jubala: “Prácticas médicas”, artigo publicado na revista *Prácticas modernas*, La Coruña, 15-VI-1903, pp. 142-143.

contención. Agardábase dos cativos que obedeceran e calaran. Cando algún ousaba emitir unha opinión propia, e non digamos xa se puña en tea de xuízo ou criticaba o parecer dos seus pais, estes espetábanlle: “Ti cala, que aínda es un neno”. Ou ben esta outra, máis desprezativa e ferinte para o amor propio das crianzas: “Hasta los gatos gastan zapatos”, como adoitaba facer a nai dunha informante⁷². Rafael Azcona, o guionista que difundiu o estereotipo do “repelente niño Vicente”, sinalaba que a infancia e a primeira xuventude eran antes moi distintas, e o que primordialmente desexaban os nenos de entón era ser maiores canto antes. En certo modo, facían deles criaturas hipócritas: debían comportarse en sociedade con corrección acartonada e sen espontaneidade lúdica, non podían falar na mesa, non debían cantar ou asubiar, nin na casa nin tampouco na rúa...

Nos medios burgueses e de clase media prevalecía a idea de que conviña educar ós nenos nunha especie de limbo social. Trataban de agocharlles o lado dramático da vida, con toda a boa intención. Pero sabido é que de boas intencións está empedrado o inferno. As nais comentaban con frecuencia: “Que el niño no se entere”, cando ocorría algunha desgraza, ou se producía algún suceso, ben porque fora escandaloso ou ben porque revestira un impacto forte: casos de adulterios, mortes, fillos naturais, asasinatos, etc.. Pero, paradoxicamente, á porta dos institutos vendíanse “novelas verdes” e resultaba moi doado que os rapaces tivesen ocasión de escoitar palabras grosas –cando non retumbantes blasfemias–, de presenciar pelexas (e mesmo tamén de participar nelas) e outros feitos violentos: nalgunhas etapas históricas, os pistoleiros estaban apostados nas esquinas, como lembraba Eduardo Haro Tecglen⁷³. Tamén podían entrar facer novillos, refuxiarse nunha taberna e beber augardente ata intoxicarse, como refire Luis Buñuel nas súas lembranzas⁷⁴.

Nas relacións paternofiliais o respecto e a obediencia primaban sobre a expresión do afecto e a comunicación espontánea, a confianza e non díganos xa a confidencia. Os pais a antiga usanza apenas falaban cos fillos e aínda era menor a súa disposición para escoitalos. O grado de comunicación era escaso. Non se pretendía que houbera un ámbito de confianza que facilitara as confidencias. Sinalaba isto –non sen un deixe de melancolía– a escritora Elvira Lindo, constatando que os pais da súa propia xeración, en franco contraste coa actitude observada pola anterior, a dos

⁷² Entrevista realizada por Xavier Castro a unha informante que non desexa que se revele a súa identidade.

⁷³ Eduardo Haro Tecglen: “Niño y tele”, *El País*, 25 de septiembre de 2004, p. 61.

⁷⁴ Luis Buñuel: *Mi último suspiro*, Plaza y Janés, Ed., 6ª ed., Barcelona, 1987.

seus proxenitores, procuran o acercamento, a confianza, en certo modo o “colegueo”, pero non conseguían crebar a reserva que os fillos teimaban en preservar. A comunicación entre pais e fillos non adoitaba estenderse ó plano dos sentimentos. Os nenos rara vez confesaban as súas mágoas e inquedanzas ós seus pais. Os proxenitores adoitaban carecer de conciencia de que os nenos tiñan determinadas necesidades emocionais que eles deberían satisfacer. Son interesantes a este respecto as reflexións de Neira Vilas, postas en boca do neno Balbino: “Os da casa poden ser ou non amigos dun. Ser nai ou pai non ten que ver con ser amigo, penso eu. Disque don Leopoldo é amigo dos seus fillos, e falan a oito de canto hai. Pero na aldea non se usa. Son costumes de vila”⁷⁵. E tampouco estaban moi entendidos nas cidades tales costumes.

O único que semellaba importarlles ós pais era inculcarlles ós nenos a idea de respecto. Era a súa pretensión facer deles homes de proveito e temerosos de Deus. Así é posible entender que un personaxe de Pérez de Ayala fixera o seguinte comentario: “Yo me explico muchas veces que la mayoría de los españoles maldigan de sus padres. De pequeños nos enseñan la doctrina y a temer a Dios, y a este pobre cuerpo mortal, a este guiñapo mortal, que lo parta un rayo”⁷⁶. Aínda maior fincapé puñan na edificación moral das fillas, con vistas a que se convertesen en nenas recatadas e devotas que chegasen a ser despois esposas e nais submisas.

Os pais de antano inspiraban nos fillos quizais máis temor filial e reverencia que confianza e amor. Resulta moi revelador o rexistro lingüístico que artellaba a relación entre pais e fillos. Non se consentía o atuado. Constatában os etnólogos que o “vosté” que os fillos utilizaban para falaren cos pais era a expresión “dun respeto sentido e o recoñecemento dunha autoridade e dunha xerarquía que se mantén con amor e tamén con severidade se o caso chega”⁷⁷. Veremos isto despois con máis amplitude. A figura do pai era moitas veces temible para o neno. Era o patrón que vixiaba a súa conduta e condescendía poucas veces a comunicarse con el. O pai adoitaba considerar que a súa única obriga era a de preocuparse pola manutención e o benestar material dos fillos. E procuraba tamén facer respectar a súa autoridade, que podía ser temible pois gozaba dunha ampla potestade punitiva. Ata que o Código civil restrinxiu, en 1889, seu poder omnímodo, o cabeza de familia

⁷⁵ Xosé Neira Vilas: *Memorias dun neno labrego*, Ob. cit., p. 104.

⁷⁶ Ramón Pérez de Ayala: *Troteras y danzaderas*, Castalia, Madrid, 1991, p. 290.

⁷⁷ Florentino López Cuevillas; Vicente Hernández Hermida; Xoaquín Lorenzo Fernández: *Parroquia de Velle* (Seminario de Estudos Galegos), Talleres Tipográficos de La Región, Orense, 1936, p. 41.

podía desherdar a un fillo que se torcese. A nai resultaba máis próxima. Acontecía isto tamén no medio rural galego, onde a figura do petrucio estaba revestida dun rexo poder. Así é como o percibía unha muller: “Moitas familias tamén fracasaban moito porque (...) ténselle respecto á madre, pero máis a voz do padre. Entonces, moitos padres atendían ó traballo, eso era o malo. (...) Entonces, todo era a mai a que..., que el con tal de ir traballar e de vir pa comer e esas cousas; (...) había moitos pais así, tamén. Pero moitos padres non, non se comunicaban cos fillos, non falaban unha palabra cos fillos (...). Pero respecto sí, respecto había, eso sí”⁷⁸. En realidade, os nenos adoitaban encontrar máis calor nos abós, que moitas veces vivían na casa con eles, o cal resultaba habitual na modelo de familia extensa: “Ademáis os pequenos trataban tamén ós abuelos con cariño e todo. Sí, os abuelos e, nada; era quizá que houbera máis unión na familia que agora, moita máis, eh!”⁷⁹.

Nos medios burgueses, rara vez se respectaban os gustos persoais dos fillos, a posibilidade de escoller a roupa segundo a súa predilección, ou a decoración do seu cuarto. Tampouco as súas preferencias sentimentais ou profesionais. Os pais adoitaban escoller o consorte que conviña, en particular para as fillas, e o futuro profesional para os fillos. Os proxenitores invocaban a súa experiencia e pretendían saber que era o que mellor lle conviña os seus fillos. Moi poucos se sentían inclinados a respectar a vocación profesional dos xoves. Isto afectaba en particular os mozos que sentían interese polas Humanidades, querían ser poetas, escritores e estudar a carreira de Filosofía. A historia das nosas letras está callada de figuras que tiveron que facer a carreira que compracía ós seus pais: Medicina, que foi a especialidade que tivo que cursar Castelao; Dereito, no caso de Beiras, Buñuel ou de Francisco Ayala.

Convén facer algún apuntamento a propósito da sexualidade. No marco familiar a sexualidade era un tabú. Os nenos aprendían todo, de mala maneira, na rúa e no colexio. Apuntaba Haro Tecglen que Freud en España entrou tarde e mal, porque os católicos influíntes obstaculizaron a súa difusión. Desgustábanlles as teorías sobre a sexualidade precoz dos nenos, expostas polo médico vienés nun estudio sobre Leonardo da Vinci⁸⁰, cando eles sostían que eran asexuados.

A educación dispensada polos pais revestía un nidio carácter represivo. As trasnadas e transgresións das normas eran severamente reprimidas con ameazas, castigos e labazadas. O que hoxe denominaríamos

⁷⁸ Entrevista realizada a Teresa Pedrós. (Residencia Torrente Ballester) para a serie documental “O Mundo de Celavella”, realizada por Voz Audiovisual, para a TVG, en novembro do 2003.

⁷⁹ *Ibidem*.

⁸⁰ Eduardo Haro Tecglen: “Niño y tele”, *El País*, 25 de septiembre de 2004, p. 61.

maltratamento físico e psicolóxico estaba amplamente espallado en todos os medios sociais. O pai e a aboa de Alberte Quiñoi dábanlle de cando en vez malleiras ó neno⁸¹. A súa boa tiña unha variña pousada no cunqueiro, ben axeitada cun gallette recortado na punta, que utilizaba para remexer o pote do caldo cando lle botaba a fariña, pero tamén a empregaba para pegarlle ós netos cando non lle parecía que non se portaban ben⁸². Os motivos de castigo por veces eran patéticos, e fan recordar a época que describe *El lazarrillo de Tormes*. Temos, deste xeito, que cando un labrego informante era neno o pai tivera que emigrar a América e na súa casa pasábase fame. As agachadas, os irmáns ían á artesa do pan e comíanlle a codia. Pero isto non quedaba impune: “Despois viña miña nai, vía o estropicio e sacudíano-lo lombo”⁸³. Polo demais, Fernando Fernán-Gómez, na novela *La Puerta del Sol*, que contén unha forte veta autobiográfica, da vida a unha muller que traballaba de porteira nun edificio madrileño, cando corría o ano 1917. Persoa de bos sentimentos e ideas avanzadas, da unha tremenda malleira a un fillo pequeno por sospeitar que cometera unha indiscreción⁸⁴.

Os nenos carecían de dereitos, e mesmo dun tan elemental como o de non sufrir menoscabo físico, en forma por exemplo de palizas. Moi poucos proxenitores discrepaban coa teoría de que as labazadas eran necesarias para educar axeitadamente ós fillos. E había que darllas cando pensaban que as merecían. Semellaba algo completamente xustificado. Así o percibía unha informante: “Había pais que lles cascaban bastante, que lles pegaban bastante, non? Pero, pero bueno, tamén, claro, eran nenos eran tan rebeldes que...”⁸⁵. Por unha trasnada de tono menor, cando un rapaz regresaba a súa casa, situada nunha localidade rural, despois de nadar no río: “Aínda descalzo e cos pantalóns arremangados chegara canda o portón da casa con todo miramento, pero a miña nai agardaba cun feixe de vimbios novos na súa man dereita e zorregoume con tanta saña que me deixou para toda a vida as marcas daquel día”⁸⁶. Pero máis brutais aínda adoitaban ser os pais, ben cos cinturóns ou ben con calquera outro instrumento punitivo que encontrasen a man. En concreto o de Carlos Velo, enfurecido por mor duns escarceos homoeróticos protagonizados polo seu irmán, “(...) zorregounos aos dous irmáns coa fustiga do cabalo”⁸⁷. Como en moitos outros casos, os rapaces

⁸¹ Manuel García Barros (“Ken Keirades”): *As aventuras de Alberte Quiñoi*. Ob. cit., *passim*.

⁸² *Ibidem*, p. 70.

⁸³ Xosé Ramón Mariño Ferro: *Autobiografía dun labrego*, Ob. cit., p. 15.

⁸⁴ Fernando Fernán-Gómez: *La Puerta del Sol*, Espasa Calpe, Madrid, 1995, pp. 88-89.

⁸⁵ Entrevista realizada a Teresa Pedrós, Xa cit.

⁸⁶ Carlos Velo: *Memoria erótica*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1998, p. 74.

⁸⁷ *Ibidem*, p. 76.

tiñan a astucia de despreparar estratexias que atenuaban algo o impacto dos golpes; no sucedido que vimos de referir, apunta Velo que: “Menos mal que o meu irmán avisoume e puidemos amparar as nosas nádegas e as costas con cartón mollado”⁸⁸. Polo demais, Balbino, o rapaz de aldea concibido por Neira Vilas, recibe unha *somanta* paterna, dada co cabo cunha corda, por enfarruscarlle a cara ao ricachón e mimado Manolito⁸⁹. Cando noutra ocasión lle lanzou unha pedrada que lle bateu na testa, a malleira que lle dou, outra volta cunha corda, foi aínda peor.

Un personaxe literario recordaba con humor as represalias familiares, sen dúbida por consideralo normal (o mesmo dicía Francisco Franco do seu pai, restándolle importancia, indicando que era o habitual): “Don Victoriano, reanimado por estas mínimas vulgaridades, hablaba de su niñez, de los zoquetes de pan untados con manteca o miel que le daban de merienda; y al añadir que también solía su tío el cura administrarle buenos azotes, volvió la sonrisa a suavizar las hundidas líneas de su rostro”⁹⁰.

Considerábase ademais que os nenos eran propiedade dos pais. O seu desamparo era total. Se alguén observaba na rúa como un pai anoxado batía con dureza a un fillo non se concibía que puidera intervir no seu favor ou denunciar o feito.

Castigos e maltratamento psicolóxico.

Castigaban ós nenos encerrándoos en bufardas ou faiados para que se asustaran co balbordo dos ratos. Ou nas carboeiras, como facían na casa familiar de Rafael Alberti, en El Puerto de Santa María; así o evocaba o poeta nas súas memorias: “Bajo la escalera que arrancaba del patio y subía al primer piso, se agachaba la carbonera, el cuarto lóbrego de los primeros castigos y terrores”⁹¹. Practicábanse tamén xeitos de maltratamento psicolóxico dos nenos. Os pais trataban de atemorizalos para que se corruxaran e non se portaran mal, invocando o temible home do saco, que raptaba ós nenos, ou peor aínda, o sacaúntos, que lles tiraba as ensullas coas que fabricaba unguentos que empregaba para rexuvenecer ós vellos. Ou ameazábanos co máis impreciso coco, segundo evocaba Rafael Dieste, nun relato incluído nas *Historias e invenciones de Félix Muriel*: “—Me acordaba de esto, y luego de ese miedo a lo que no tiene forma conocida y que en la infancia se llama el coco”⁹².

⁸⁸ *Ibidem*.

⁸⁹ Xosé Neira Vilas: *Memorias dun neno labrego*, Ob. cit., pp. 29 e 40.

⁹⁰ Emilia Pardo Bazán: *El cisne de Vilamorta, Obras completas (Novelas y cuentos)*, T. II, Aguilar, 3ª ed., Zaragoza, 1964., pp. 212.

⁹¹ Rafael Alberti: Primeiro volume de *La arboleda perdida, 1. Primero y Segundo libros (1902-1931)*, Alianza, Madrid, 1999, p. 23.

⁹² Rafael Dieste: “La peña y el pájaro”, *Historias e invenciones de Félix Muriel*, Alianza, Madrid, 1974, p. 123.

Deste xeito, non é de extranar que os nenos campesiños experimentaran a vivencia dos medos irracionais⁹³, en gran parte por mor da actitude dos adultos que pensaban que asustalos era bo para que obedecesen e se comportaran ben. Acontecía así que cando se encontraban no monte ou nun camiño apartado cun home descoñecido levaban un susto grande, pensando que era o “vello” (especie de espantallo, arrugado e vello, non moi ben definido, pero semella que con cobiza de aproveitarse da vitalidade dos nenos), ou o “home do unto” que lles ía quitar a graxa ou chuparlles o sangue. Era normal que o percibisen dese xeito xa que os adultos, lles dicían: “–Aí vén o home do unto. Aí vén o do vello”⁹⁴, e lles explicaban que lles tiraban o unto os nenos e lles zugaban o sangue. Dos vampiros non tiñan aínda a menor noticia nos anos trinta.

As máscaras do entroido eran tamén motivo de sobresalto para os críos⁹⁵. Había adultos que as empregaban, fora ou non tempo de entroido, para rir un pouco a conta do medo dos nenos. Era un xogo, seguramente sen mala intención, pero con funestos resultados para o sosego dos nenos: “Pepe o Coxo, vestíase de vello cunha careta feita coa media dunha muller. Moito me facía chorar”⁹⁶. O normal en tales casos era que botaran a correr para a súa casa⁹⁷.

Moitos facían isto por tradición, era o que viviran e virán facer. Outros por vinganza: “Sendo xa eu home casado téñolle metido medo ós fillos de Pepe no tempo de Antroido. “–Me cago en tal. Agora vaimas pagar todas xuntas –dicía eu vestíndome de vello. (...) Os rapaces de Pepe afiában coma chispas. –Agora estoullas pagando. El fíxome pasar medo cando eu era pequeno. Agora fágolle–lo mesmo ós fillos”⁹⁸.

Os nenos, aparte.

Os pais de antano adoitaban ser severos e distantes. Dende que os nenos empezaban a falar xa aprendían a utilizar o tratamento de vostede cos pais. Na novela de Pardo Bazán, *La piedra angular*⁹⁹, editada por vez primeira vez en 1891, un médico coruñés, de ideas avanzadas a maior abundamento, trataba de vostede ó seu crío de tres anos. Quizais fora unha especie de xogo pois os pais non acostumaban a tratar de vostede ós fillos, pero en calquera

⁹³ Xosé Ramón Mariño Ferro: *Autobiografía dun labrego*, Ob. cit., pp. 20-21.

⁹⁴ *Ibidem*, p. 23.

⁹⁵ *Ibidem*.

⁹⁶ *Ibidem*.

⁹⁷ *Ibidem*, p. 22.

⁹⁸ *Ibidem*, p. 68.

⁹⁹ Emilia Pardo Bazán: *La piedra angular, Obras completas (Novelas y cuentos)*, T. II, Aguilar, 3ª ed., Zaragoza, 1964.

caso expresa a atmosfera de respecto distante que reinaba. O tratamento de vostede era igual de ríxido que o que se mantiña cos criados e menor que coas amizades de confianza, coas cales, previa autorización recíproca, era posible e atuado. No período da República, comezan a albiscarse tímidos cambios neste senso, habendo noticias que xa había algunhas familias urbanas empregan o atuado nas relacións paternofiliais¹⁰⁰. É ben sabido que nos anos da guerra civil produciuse no conxunto de España un maior acercamento social –feito certamente paradoxal– ó combater cóbado con cóbado, nas mesmas trincheiras de cada bando, persoas de diferente condición social. Isto tamén pasou cos galegos que combateron fora de Galicia. O atuado medrou así, pero de forma transitoria, porque, moi logo se impuxo un conservadorismo a ultranza que delimitou con renovado vigor a distancia entre as clases, o respecto e, conseguintemente, o emprego do vostede. No medio rural, o respectuoso uso do vostede persistiu ata o remate do século vinte. No ambiente urbano, máis aberto, empezou a retroceder dende os anos cincuenta, e con maior extensión na década dos sesenta.

Nos medios burgueses, os adultos mantiñan unha barreira parcial de separación cos seus fillos. Este afastamento tiña unha expresión espacial, física: cando non os enviaban a colexios en réxime de internado, mantiñanos aparte en dependencias ou espazos distintos, compartindo pouco tempo con eles. Os nenos pequenos non comían na mesa cos pais, facían na cociña atendidos polo servizo, e debían permanecer en silencio diante dos maiores. Se querían dicir algunha cousa, tiñan que solicitar permiso previo. Xa que logo, quen realmente atendía e coidaba dos nenos era o persoal de servizo. Principiaba este asunto polas nodrizas, ás que se adoitaba recorrer. Polo demais, as niñeiras eran quen cargaban coa tarefa de asear, cambiar os cueiros, lavar e vestir os cativos. Tamén era obriga das serventas erguerse pola noite para espertalos e axudalos a que fixeran pis no ouriñal, medio amodorrados, para que non mexaran na cama. Por certo que cando o feito persistía, o normal era que as nais, anoxadas pola complicación que representaba, trataran de interromper esta conduta involuntaria (pero isto, claro esta, elas o descoñecían) facendo que se avergoñaran, chamándoos “mexóns” –teima, na que perfectamente podían colaborar os irmáns que non tiñan tal problema– ou mesmo baténdolles para que escarmentaran. En realidade, o persoal de servizo nas casas da burguesía facíao case todo. As criadas tiñan que estar as vinte e catro horas do día a disposición dos señores.

¹⁰⁰ Entrevista realizada por Xavier Castro a M^a de los Ángeles Pérez Bobillo, pensionista e ama de casa.

En verdade, ata que se empezou a producir un cambio de costumes tanto en Galicia como no conxunto de España, as clases acomodadas, que dispuñan de servizo na casa, tomábanse certamente pouco traballo cos fillos. Existen casos paradigmáticos. Unha muller informante tiña unha irmá, que lle levaba bastantes anos a ela e tivera moitos fillos, nomeadamente na década dos sesenta, pero –no dicir da súa irmá– “ni se enteraba”. As criadas e niñeiras ocupábanse de acompañar ós nenos ó colexio e de recollelos despois, levándolles a merenda. Logo, se facía bo tempo, tiñan que estar pendentes deles no parque. Nos períodos vacacionais levábanos á piscina, á praia e o *pinar*. Foi así como aconteceu que en moitas familias se estableceron firmes vencellos entre algúns nenos e as súas doncellas, que por veces provocaban ciumes nas nais.

Nos anos sesenta, unha familia acomodada tiña un chalet en propiedade, na vila de Portonovo, onde veraneaban. En cada un dos extremos da piscina había sendos toldos: nun se acubillaban os pais con outros adultos que tiñan como invitados. No outro, estaban os fillos, cos seus amigos e coas niñeiras. Os pais consideraban que así resultaba máis cómodo para todos, sinalaba a muller informante. De cando en vez, algunha nai dáballe algunha instrución á criada dende lonxe: –“María, póngale la visera a Julito”. E tamén: “Que no se bañen, que aun no pasaron las dos horas de la digestión”. Ou ben berráballe a un seu fillo, máis traveso da conta: “No te tires así de cabeza, Antolín, no te tires”. Y volvía á poñerse de lería coas súas amizades, lonxe do bulicio que ocasionaban os críos. A irmá da informante, que residía en Cartagena, cando ía a visitala se sorprendía desta segregación que xa non se estilaba en determinados ambientes doutras localidades de España¹⁰¹. Neste proceso de transformación dos costumes sociais Galicia non estivo certamente na dianteira.

Naturalmente, era no ámbito da burguesía onde se producía en maior medida tal afastamento. Nos medios populares era moito menor. En efecto, o amoreamento que existía nas reducidas vivendas urbanas dos obreiros, alugadas ás máis delas, e tamén nas casas labregas, o facía impracticable, en termos de distancia física. En cambio, as familias benestantes non só fomentaban o afastamento dos fillos nos seus domicilios e xardíns, senón tamén nas institucións recreativas que promovían. Nos casinos, liceos, e na maioría dos ateneos non podían entrar os cativos (tampouco podían ser socias as mulleres, por certo, aínda que nalgúns ateneos facíase algunha que outra excepción, no panorama abrumadoramente masculino, como aconteceu

¹⁰¹ Entrevista realizada por Xavier Castro a Enrique Devesa Turia e Isabel Pérez Bobillo.

con Pardo Bazán no de Madrid). Nos Clubs de Campo había instalacións específicas para os fillos: piscinas diferentes (a dos nenos en Vigo, moito máis pequena, sen depuradora e bastante menos limpa que a dos adultos), e un vestiario distinto, cafeterías diferentes, etc. A discriminación mantiñase ata que alcanzaban a idade de 14 anos. As xuntas directivas encargaban ó persoal do club que se emplearan con rigor para evitar as transgresións dos nenos, sempre tentados a “facer a gamberrada” de adentrarse subrepticamente na zona de exclusión: en particular na tentadora piscina, tan esplendidamente azul (a deles era verdosa, a causa da falla de limpeza), cos seus magníficos trampolíns e o céspede arredor, amplo, ben coidado e surtido de amacas (que non había na dos nenos). Pero non podía ser mentres houbera sol: a aventura prohibida soamente se podía levar a cabo pola noite, cando pechaba o horario de apertura.

Indicábamnos antes que as nais de posición social acomodada tiñan maior cercanía cos fillos, pero o feito de que delegaran as tarefas relativas ós seus coidados nas criadas, provocaba un descoñecemento notable dos seus intereses e problemas. En certa ocasión, unha nai de boa posición que residía na Coruña tivo que levar ó seu fillo pequeno ó médico. Este preguntoulle a nai qué tomara o neno no almuerzo. En lugar de respostar, interrogou ó cativo: –“Qué desayunaste, hoy, Marcos”. Inmediatamente despois preguntoulle o doutor que fora o que xantara, e novamente tivo a nai que recabar a información do fillo. Daquela, o médico, extrañado, preguntoulle se era ela a nai da criatura. Moi ofendida contestoulle: –“¡Por supuesto que lo soy, qué se piensa usted!”¹⁰²

Descoido dos nenos por mor do traballo intensivo dos pais.

As ocupacións intensivas no campo, en particular na época de maior agobio, no verán, non lles permitían ós pais atenderen sempre cumpridamente os cativiños. O coidado dos fillos, resentíase da carga laboral das súas nais. E, deste xeito, os nenos: “Desde muy pequeños andan solos por la finca, sin poder prodigarles [las madres] todas las atenciones deseables”¹⁰³.

Se non había algunha madriña ou veciña á que poder recorrer, os nenos pequenos tiñan que quedar sos: “O meu neno pequeniño / quen o ha de acalentar; / a súa nai vai no muiño / o seu pai vaina buscar”¹⁰⁴. Ben é verdade que, se a faena o consentía, cando se trataba por exemplo de sementar ou

¹⁰² Entrevista realizada por Xavier Castro a unha informante que non desexa que se revele a súa identidade.

¹⁰³ Leopoldo Hernández Robredo: “Embelllecimiento de la vida rural por las labradoras. Como es y como vive la labradora gallega”, *Hojas Divulgadoras*, Dirección General de Agricultura. Ministerio de Agricultura. Madrid, Enero 1936, Año XXX, Nº 1), p. 11.

¹⁰⁴ Manuel Rico Berea: *Cancioneiro Popular das Terras do Tamarela*, Galaxia, Vigo, 1989, p. 114. Recolléase tamén esta cantiga, cunha lixeira variante en *Cantigas sociais. Recollidas do pobo*, (cantiga número 190), *Ob. cit.*, p. 28.

apañar herba, a muller labradora procuraba levar consigo a crianza, metidiña nunha cesta e protexida cunha manta¹⁰⁵. Cando non había máis remedio, quedaba soa na cociña, que tiña o chan de terra (no mellor dos casos, baixo a vixilancia relativa dunha irmá), onde o lume estaba acendido arreo, e as veces o pote do caldo quedaba sobre a trepia (cando non ía pendurado na gramalleira). Deste xeito, o risco de sinistralidade era considerable. Podía escaldarse, queimarse, cortarse con algúns dos aparellos de labranza que adoitaba haber ciscados por alí. Ademais, podía poñerse perdido de terra. García Barros refire o caso dun neno que tiña o seu berce no sobrado, onde durmía e o deixaban as veces polo día¹⁰⁶. Tamén o baixaban á cociña, pero sen o berce porque isto debía de resultar moi incómodo. Pousábano no chan envolto nun mantelo, e sen una mala tea ou alfombriña de protección. En efecto: “O neno estaba pousado nun mantelo vello, estendido no chan da cociña, e había que ter conta de que no se botara de gatas, rabuñando terra e levando á boca”¹⁰⁷. Mentres o irmán maior, que tiña encomendada a misión de coidalo, estaba distraído, o neno saírse do mantelo e marchara a gatas cara a porta, rabuñando no chan e comendo a terra, polo que tiña toda a cara enlameada de terra¹⁰⁸.

A crianza podía recibir tamén unha trabada do can da casa. E tamén dun porco, que revestía aínda máis gravidade e entrañaba máis perigo. En varias tipoloxías de casas de labranza existían dependencias dedicadas ás cortes dos animais domésticos, con algún tipo de acceso ó corredor ou a cociña. Deste xeito, podía acontecer que algún animal, o porco por exemplo, puidera andar pola casa facendo algún estrago ou mesmo provocando unha auténtica traxedia. Non eran, en efecto, poucos os casos de naipelos mordiscados ou devorados por porcos, segundo consta nas actas de procesos contra os pais, por negligencia culposa, dos que quedou constancia no arquivo da Real Audiencia de Galicia¹⁰⁹. Nesta clase de traxedias debeuse inspirar Valle-Inclán para referir el caso do Baldadiño, nunha das súas obras (*Divinas palabras*) quen, tras morrer, por descoido na súa atención comeulle a cara un cocho¹¹⁰. O drama está presente tamén nunha novela *tremendista* de Camilo José Cela: *La familia de Pascual Duarte*¹¹¹.

¹⁰⁵ Entrevista realizada por Xavier Castro a Julia Fernández Rodríguez, nada en Vigo, cara medidados da década de 1950. A nai da informante, mestra rural, constatou personalmente tal práctica.

¹⁰⁶ Manuel García Barros (“Ken Keirades”): *As aventuras de Alberte Quiñoi*. *Ob. cit.*, p. 99.

¹⁰⁷ *Ibidem*, p. 66.

¹⁰⁸ *Ibidem*, p. 69.

¹⁰⁹ Información facilitada por amabilidade de Gonzalo Allegue.

¹¹⁰ Ramón M^a del Valle Inclán: *Divinas palabras*, en *Obras Escogidas*, T. II, Aguilar, 5^a edic. Madrid, 1976.

¹¹¹ Nesta novela, cuxa acción se sitúa en Extremadura, a Mario, neno deficiente que usualmente andaba arrastrado polo chan, o *guarro* que tiñan no cortello da casa coméralle as dúas orellas. Camilo José Cela: *La familia de Pascual Duarte*, Salvat, Estella (Navarra), 1971, p. 51.

A historia oral tamén achega datos a este respecto. –“O Manco era un bo músico. Coméralle os dedos dunha man un porco pero amañábase para tocar ben”¹¹². Feitos así seguiron acontecendo aínda a comezos da década de 1960, como lembraba o escritor Bieito Iglesias, que de neno xogaba na aldea cunha nena eivada: nun descoido da nai, un porco entrou na cociña e devorou a manciña da nena que asomaba polo bordo do berce¹¹³.

Realmente, os historiadores da infancia refiren que a sinistralidade infantil era terrible antano. Como xa tivemos ocasión de evidenciar, eran moi abondosos os accidentes provocados pola desatención dos pais, tanto no fogar como na rúa. Obviamente, tamén acontecía isto nos obradoiros de traballo, en particular cando os nenos tiñan que realizar xornadas moi prolongadas e a súa concentración –que dista de ser a dun adulto– devecía. Nas fábricas conserveiras, poñamos por caso, os nenos tiñan que facer, cando a faena o requiría, a vela pola noite. Tal prolongación da xornada creaba nos nenos un estado de atordamento que ocasionaba numerosos accidentes de traballo¹¹⁴. A causa primordial disto eran as distraccións provocadas pola fatiga.

Tamén o socialista Heraclio Botana (medio irmán de Portela Valladares) e outras dúas relevantes personalidades denunciaban que mulleres e nenos, de ambos sexos, en idades comprendidas entre os 8 e os 17 anos atendían as máquinas cortadoras e estampadoras da fábrica de estampación “La Metalúrgica”, de Vigo. A súa xornada laboral era de 10 horas e media, dende as 7 da mañá ata as 6 e media da tarde, con só un descanso de unha hora, de doce a unha. Ademais, mulleres e nenos tiñan que traballar os domingos dúas horas en servizo de limpeza dos aparellos mecánicos¹¹⁵. Polo demais, na fábrica viguesa de conservas de Antonio Alonso traballaban mulleres, nenos e nenas, dedicados ó manexo dos aparellos mecánicos. Traballaban once horas diarias e tamén algúns domingos e algunhas noites, sen limitación¹¹⁶. Non é de extranar que en tales condicións adoitaran producirse accidentes¹¹⁷. Este era un dos motivos que explican o feito de que en España se rexistraba unha altísima mortalidade infantil. A comezos do século XX, era a maior de

¹¹² Xosé Ramón Mariño Ferro: *Autobiografía dun labrego*, Ob. cit., p. 77.

¹¹³ Bieito Iglesias: “Catecúmeno”, *El Correo Gallego*, 21 de decembro de 2006, p. 8.

¹¹⁴ AMCV. Acta de comparecencia de José Hervés Hermo na Casa Consistorial da cidade de Vigo, celebrada o 23 de agosto de 1913. O mencionado socialista verqueu tamén dita crítica nun artigo titulado: “El trabajo de los niños en la industria conservera”, *Solidaridad*, nº 653, 18 de xullo de 1913.

¹¹⁵ Informe de José Araujo, Heraclio Botana e Sanjurjo Badía, integrantes da *Junta Municipal de Reformas Sociales de Vigo*. AMN. “Serie Histórica”. *Mazo Junta Local de Reformas Sociales* (1899-1928).

¹¹⁶ *Ibidem*.

¹¹⁷ *Ibidem*.

Europa, só despois de Rusia. Resulta sintomático o feito de que houbera un empresario coruñés, chamado Nemesio Domínguez, que dispuña de dúas axencias funerarias que se encargaban en exclusiva do servizo de conducción de cadáveres de “párbulos y jóvenes”. Este dinámico emprendedor ofreceu en 1906 o servizo dunha nova carroza, chamada “De Gloria”, que conseguiu suscitar moita curiosidade na Coruña¹¹⁸.

Outra consecuencia da acumulación de traballo que soportaban as nais, en particular no verán, era a imposibilidade de lles dar o peito con regularidade ós naipeiros. Rosalía Castro glosou en *Cantares Gallegos* unha cantiga popular que alude a esta problemática e desvelaba a gravidade que podía revestir para os cativos: “Ora, meu meniño, ora, / ¿quén vos ha de dar a teta, / si túa nai vai no muiño / e teu pai na leña seca?”¹¹⁹. A necesidade que tiña a muller de ter que ir periodicamente ata o muiño, cargada coa grao, e agardar alí algunhas horas ata que llo deran moído (se cadra, tendo que esperar previamente ata que lle tocara a quenda) e facer o camiño de volta, implicaba unha ausencia prolongada. Este tipo de situacións producíanse en maior medida naqueles momentos nos que os adultos tiñan de volcarse na realización de traballos intensivos e que había que despachar o máis axiña posible—como sucedía na época da vendima, a seitura ou a malla—, apremados polo temor á que sobreviñese a chuvia. Ó teren que acudir a angueira todos os membros útiles da familia—incluídos os irmáns maiores—, os naipeiros e nenos pequenos non sempre podían quedar debidamente atendidos. O problema víase agravado cando o pai tiña que gañar o pan lonxe da casa, por ser xornaleiro, legoeiro ou ben por ter que andar no mar. E non digamos xa se o pai marchara a seitura en Castela ou a emigración en América. A cuestión podía ser moi grave para os lactantes, nun tempo no que a mortalidade no primeiro ano de vida era espeluznante: “Miña meniña pequena, / ¿Quén che vai dar de mamar? / Túa nai vai de vendima / e teu pai saíu ó mar”¹²⁰. En tales circunstancias, non serían poucos os nenos que choraran con desesperación, pasando fame auténtica, e así estarían padecendo ata que a súa nai puidera retornar á casa para darlles o peito. O traballo intensivo da muller ocasionaba ademais o a desteta prematura, como sinalaba o informe de Mourelo¹²¹, o que tivo unha repercusión desfavorable na nutrición dos cativos. Isto foi un factor entre outros, que contribuíron a erguer a alta taxa de mortalidade

¹¹⁸ *La Voz de Galicia*, Domingo, 1 de julio de 1906, p. 3.

¹¹⁹ *Cantigas sociais. Recollidas do pobo*, *Ob. cit.*, cantiga nº. 21.

¹²⁰ Cantiga Nº 195. *Cantigas sociais. Recollidas do pobo*, *Ob. cit.*, p. 29. Cantiga recollida tamén por Xaquín Lorenzo Fernández, *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, Editorial Galaxia, Vigo, 1973, cantiga 1294, p. 98.

¹²¹ José Rodríguez Mourelo: “Condición de los niños labradores en Galicia”. Informe cit., p. 736.

infantil, que xa apuntamos. En efecto, indicaba o citado autor que: “Pouco tempo dura a lactancia, sobre todo se o neno naceu ó comezar o verán; porque ocupada a nai nas faenas propias da estación, non pode consagrarse a el enteiramente”¹²². As campesiñas acomodadas podían dispoñer ó mellor dunha nodriza que se ocupara da lactancia e dunha criada que atendera as crianzas. Pero a maioría das mulleres rústicas, de pobre condición, non tiñan máis remedio que confiar na providencia diviña cando se vían obrigadas a deixar sos ós seus fillos: “¡Vállache Dios, meu filliño, / que eu non che podó valer! / Que, si poidera, de todo, / de todo habías de ter”¹²³.

Non existía antano un concepto de vida privada dos nenos. Todo o máis tiñan tal noción os pais, e globalmente a familia, por contraposición ó mundo social exterior. Os grupos familiares adoitaban estar compostos por varios fillos, e moi rara vez había un cuarto para cada neno. Non parecía importar que varios irmáns tiveran que compartir a mesma habitación, aínda que procuraban afastalos por sexos en canto tiñan certa idade. Os adultos non concibían que houbera que respectar a privacidade do armario do seu fillo, ou mesmo do seu diario, se é o levaban. Tampouco se observaba o segredo da correspondencia. Algúns libros relixiosos incitaban as nais a preocuparse diligentemente pola alma dos seus fillos, para o cal recomendábaselles que fisgaran nos petos dos seus pantalóns, nos bolsos delas e nos caixóns de todos, á procura de probas reveladores. Nin que dicir ten que a ningún pai se lle ocorría petar na porta da habitación dos seus fillos para pedir permiso antes de entrar.

Nos medios populares, era común que varios nenos, senón todos, compartiran o mesmo leito. E tampouco nos medios burgueses se dubidaba en recorrer a tal expediente cando unha familia se hospedaba no domicilio da outra. Durmían dous críos no mesmo colchón, situándose un na cabeceira e o outro no extremo contrario. Isto ofrecíalles as veces a posibilidade de entablar divertidas pelexas a base de patadas.

Xoguetes para un tempo perdido.

Semella certo que antes os nenos non se aburrían. Hai que precisar ademais que a partir dos seis anos, os que pertencían a familias populares, tiñan que traballar. Tiñan así menos tempo libre. O seguinte testemuño pode introducir acaídamente esta cuestión:

“Había muitos máis nenos qu’agora i nunca los vimos sentados horas i horas, aburridos, sin saber qué fer; taban sempre fendo algo, condo nun

¹²² Ibidem.

¹²³ Cantiga N^o 201. *Cantigas sociais. Recollidas do pobo, Ob. cit.*, p. 29.

trabayaban, xogaban ou buscaban xeito de nun tar paraos. Tou seguro que nun conocaban eso d'aburrirse. ¡Mui felices foron aqueles nenos que nun conoceron el aburrimiento! Fían pelotas de trapo tan ben feitas que daba gusto vé-yas, atando trapos con barazas, ás veces con alambre, i xogaban partidos co'ellas, dalgúas veces en galochas i muitas descalzos. Era peligroso xogar en galochas, pos, de vez en cuando, ceibabas'úa que salía dando voltas po'l air'encontrando a cara del deportista que s'atravesaba po'l camín, deixandoya marcada. Eran cousas del deporte, naide tía culpa, nin siquiera a galocha, que nacera tanto pral deporte como pra poñé-ya con corbata. Outras veces fíanse pesugos, pero claro, fer un pesugo lleva consigo ir al monte ou á beira dun regueiro a buscar palíos de salgueiro ou de binteiro; despós recortá-yos a navaya, fer el marco de debaxo, ir colocandolos i trezandolos con cânabo; poñeryes el filo mouro, fer us dous palíos da trampa, etc. Feito'l pesugo, había qu'armá-yo, poñerye dentro úas faraguyas de pan de meiz pra que fosen comer us páxaros i caiesen na trampa; armao el pesugo, taliar pra ver aus páxaros caer. Con todo este trabayo, ¿podía aburrirs'el neno?"¹²⁴.

Xoguetes, elaborados polos nenos.

Os mesmos nenos fabricaban un conxunto moi variado de xoguetes: carriños de nabo, muíños de auga que facían con guizos espetados nunha pataca e se puñan logo nunha corrente para que andiveran. Arcos de madeira para disparar frechas; os tiratacos, confeccionados cunha poliña de madeira esgallada, unas gomas e un parche de coiro; os cichotes para botar auga; as casarellas, feitas con pedras. Realizaban tamén diversa sorte de instrumentos musicais rudimentarios: como as porretas de ferraia, os asubíos ou subiotos, con madeira de ameneiro¹²⁵, e as frautas de cana: algunhas levaban un papel de seda para que soaran; servíanse tamén das canavelas das bombas da festa para facer as frautas: para iso había que poñerlle unha palleta nun dos nós, e ademais era preciso practicarlles varios furados a cana¹²⁶. Por veces, aproveitaban latas usadas como tamboril e confeccionaban rústicas castañolas, feitas con dúas tabliñas postas entremedias dos dedos; ademais, fabricaban roncollos, preparados cunha casca de noz na que se puña un parche de pel polo que pasaba unha cerda de cabalo, prendida no outro lado nun pau, e que se tocaba volteando arredor. Facíanse asemade zoadeiras de varios tipos.

¹²⁴ Jesús Álvarez Valdés: *As costumbres foron deste xeito, Occidente de Asturias*, Edita Ayuntamiento de El Franco, Fotocomposición e impresión Gráficas Ribazán-Navia, 1992, p. 47.

¹²⁵ Xosé Ramón Mariño Ferro: *Autobiografía dun labrego*, Ob. cit., p. 20.

¹²⁶ *Ibidem*.

Confirma Fernández del Riego nas súas memorias, que no tempo da súa infancia era moi común que os propios nenos construíran xoguetes cos que entreter os seus leceres: “Lembro, con saudade, aqueles barcos de noz que botabamos na corrente fluvial. Os cabalos de pataca, os carros de nabo. Pasábao moi ben a correr cos patinetes, formados por unha táboa de madeira montada sobre rodas. Recreábame co bailarete, o andacamiños e, de especial, co tirafondas”¹²⁷. Tamén se facían barcos moi aparentes con codia de piñeiro, esgarabellando nela ata que quedaba perfilado o casco, que logo se completaba cunha competente vela feita cun pauciño e máis un retallíño de tea. Tamén xogaban os cativos a falar por teléfono empregando dous botes, ou latas, unidas por un cordel fino encerado”¹²⁸.

Os nenos facían carros e bicicletas de madeira, como xoguetes. As bicis mesmo tiñan manillar e freos, e pola costa abaixo andaban como as de verdade¹²⁹. Outro informante sinalaba que, en efecto, “Nun había bicicletas de ferro, pero fíanse de madeira, que como nun tían pedales, andaban solo pra baxo. Non solo se fían bicicletas, tamén se fían carros de tres i cuatro rodas que llevaban guía. Estos andaban solo costa abaxo, como as bicicletas, pero podían ir montaos nellos hasta tres i cuatro nenos. Pasaban muitas horas fendo naquellos vehículos de madeira; ás veces xuntábanse us cuantos i fíanlos en común. Nesta fabricación practicaban a manualidá i despertaban a imaxinación. Houbo carros i bicicletas muito ben feitos i teinse levado búas zampuadas. De cualquier xeito, era un trabayo i diversión qu’educaba muito”¹³⁰.

Os mesmos cativos fabricaban tamén “rodas de guiadeiro”. En efecto, nas comarcas vitícolas as roda podían tirarse dos barriles pequenos. Das cabezas dos bidóns vellos que almacenaban a gasolina para os motores das malladoras, sacábanse uns ariños grandes, que se convertían nunhas “rodas bárbaras”. Fabricábanse os guiadeiros cun arame, virado nun extremo para podelo coller coa man, e facendo unha semicircunferencia no outro para que se adaptara á roda, e podela guiar así axeitadamente. Facíanse porfías a ver quen ía por diante no camiño sen que se lle caera a roda, e así andaban kilómetros¹³¹.

Xoguetes feitos polos pais, veciños, ou ben artesanais.

O pais, os avós ou, ás veces, algún padriño ou veciño, acordaban facer, cando lles cadraba, algún xoguete para os cativos. Nomeadamente, fabricaban obxectos de madeira servíndose dunha navalla: barcos, carriños,

¹²⁷ Francisco Fernández del Riego: *Camiño andado*, Galaxia, Vigo, 2003, p. 14.

¹²⁸ *Ibidem*, p. 15.

¹²⁹ Xosé Ramón Mariño Ferro: *Autobiografía dun labrego*, Ob. cit., p. 16.

¹³⁰ Jesús Álvarez Valdés: *As costumbres foron deste xeito. Occidente de Asturias*, Ob. cit., p. 47.

¹³¹ Xosé Ramón Mariño Ferro: *Autobiografía dun labrego*, Ob. cit., p. 16.

animais.. Tamén se facían pelotas de trapo, bonecas con follatos de millo, e canta cousa podían confeccionar coas materias primas que tiñan ó seu alcance: cascas de noces, castañas, carrabouxos, etc.

O perigo dalgúns xogos, a precariedade dos xoguetes, o seu frecuente carácter artesanal, son aspectos que salientaba unha informante cando evocaba a súa nenez: “Bueno, pois mira, a qué xoghábamos? Facíamos muñecas de trapos, nosoutras mesmas, e non che había... eu me acordo que, inda eu despois de casada, que viñen pa a casa de miña soghra, pois un veciño e máis o meu marido, era quen lle facían os cochifios de madeira, que aquilo era unha cousa digna de ver, mira. Era tan pequeno tan pequeno e había unha costa tan mala tan mala, que eu non sei cómo non se ten matado, cos coches de madeira que lle facía un veciño que sabía moito de carpintería. Mira, eu dixen: “non sei cómo non se meteu nas carreiras de coches co que lle ghustaban”. Porque conducía que era unha cousa de pasmarse. Íano mirar cómo facía de tan pequeno que era; cinco anos e seis ano. Aquelo era de... ¡bueno!, cunha pendiente, un día se me mataba, nosotros non queríamos que fora, choraba, matábase e poñíase no carro co coche aquel de madeira... E eran os xoghetes que había. De cousas, as pelotas facíanas tamén moitas veces de trapos, e así. Non había xoghetes, ¿non sabes? Non había. Non”¹³².

Xogos sociais.

Tampouco na cuestión dos xogos revelaban os adultos unha acendrada sensibilidade. Nas cidades, os nenos carecían dun espazo lúdico definido para podérense entregar ó xogo, os parques infantís, non se empezaron a construír ata a década de 1960. Parques había poucos, de xeito que nos barrios tiñan que xogar na rúa ou nas prazas públicas, expoñéndose ós accidentes (ser arrollados por un cabalo ou atropelados por un automóbil), a espertar a ira dun veciño prexudicado pola rotura dun cristal e, asemade, á persecución dos gardas que trataban de requisarlles a pelota.

Na aldea, a situación era máis vantaxosa. Como indicaban Vicente Risco e Xaquín Lourenzo, de pequerrechos, os nenos e as nenas xogaban xuntos, na aldea moito máis que na vila. Despois, arredábanse cada vez máis, deica volvérense buscar perto da mocidade, xa doutro xeito. Máis propios das nenas eran os escondites e a pita cega, aínda que as veces tamén xogaban xuntos nenos e nenas. Exclusivo delas eran o pello, a comba ou a corda. Podía saltar unha nena soa ou varias en retesía. Gañaba a que saltara máis veces seguidas sen ningún tropezo.

¹³² Entrevista realizada a Teresa Pedrós, Xa cit.

Non todos os nenos xogaban. Había algúns coa infancia roubada, que adoitaban ser ós que medraban na pobreza e tiñan uns pais que os obrigaban a traballar sen pausa e draconianamente. Quedáronnos fotografías de nenos así, coa expresión seria e gravemente preocupada dos adultos. Pero nalgunha medida, paradoxicamente, no outro polo da escala social, tamén había nenos ós que se lles furtaba a súa nenez. A Juana de Vega (Condesa de Espoz y Mina) e a Emilia Pardo Bazán en Coruña, como John Stuart Mill en UK e Sartre en París, non lles permitiron os seus pais xogar con outros nenos. Así foi como se tiveron que refuxiar na lectura. Hai que sinalar que non existía conciencia da importancia formativa que tiña a actividade lúdica.

Era algo moi habitual que os nenos foran xogar uns a ás casas dos outros, como se observa nos contos de Blanco Amor, ou revelan as testemuñas vivas: primeiro tiñan que avisar a súa nai, e logo: “(...) íbamos a casa doutro veciño ou así, pa xogar cos pequenos que inda iban comer (...)”¹³³.

Polo demais, esta informante lembraba como eran antes as diversións dos nenos: “Os xogos, saltar á corda, xoghar ás bolas... e era así. E despois andar, cómo se decía “a la rueda rueda”; así decían: “la rueda rueda de pan y canela...”, eu xa non me acordo. Entón íamos correndo agharradas así pola man, unhas atrás doutras e eso. Era así, daquela non había nada que facer. Máis ben inda nos xuntábamnos de pequenas a correr pa un lado e pa outro, escondidas, esconderse detrás dunha árbore, ou de esconderse detrás dunha porta e eso. Eran os xoghos que había. Aghora é demasiado pero antes non había nada”¹³⁴.

Os xogos sociais, as veces estaban marcados pola impronta dunha conxuntura bélica, cando batía con forza na conciencia da sociedade. Del Riego lembraba deste xeito a súa infancia na época primorriverista: “Xustamente por eses días encabezaba eu unha tropa de rapaces que facían parodia da guerra de Marrocos. Portaban sable todos eles, e bandoleiras. Cubríanse con picudos gorros feitos con papel de xornal. Influido polo ambiente [militarista] da época sentía certo desexo de me facer militar”¹³⁵.

Nenos que medraban nunha atmósfera de violencia.

A infancia se desenvolvía nunha atmosfera que posuía acusados riscos de violencia. Resultaba altamente probable que, tanto na casa como na escola, os nenos recibiran algunha labazada, e mesmo tamén algún tirón de orellas na catequese se é que non sabía ben o catecismo do padre Astete.

¹³³ *Ibidem.*

¹³⁴ *Ibidem.*

¹³⁵ Francisco Fernández del Riego: *Camiño andado*, Ob. cit., p. 15.

Non era raro que lles bateran asemade cando realizaban incorrectamente algunha tarefa no traballo agrícola ou algunha encarga ou mandado. Nos obradoiros gremiais e nas fábricas era moi común que lle bateran ós rapaces. En efecto, o socialista José Hervés Hermo denunciaba o feito de que na maioría das fábricas conserveiras da ría de Vigo os encargados maltrataban de palabra e obra tanto ós nenos como ás mulleres¹³⁶.

Outrosí: imperaba un certo grado de violencia nas relacións entre os propios nenos, e ademais, eventualmente, os nenos protagonizaban accións agresivas contra os adultos. As liortas entre nenos acontecían tanto nas rúas dos barrios das vilas como nos torreiros do medio rural. Os desafíos e as pelexas corpo a corpo entre os rapaces¹³⁷, facíanse esencialmente por rivalidade ou coa pretensión de dirimir a relevante cuestión de ver quen era o máis forte e debería, conseguintemente, asumir o liderazgo da pandilla. Cando non había motivos claros, buscábase un pretexto, para o cal xa existía un protocolo ritual. Un informante, lembraba que: “Antes o ir a escola sempre pelexábase. Para provocala pelexa púñase un rapaz unha palla no hombro, e provocaba ó outro: A ver se ma quitas, achegándose desafiante a el. Ou ben, trazában unha raia no camiño, e dicíalle como cruces esta raia vas ver. Logo, co fútbol, calmouse algo a cousa”¹³⁸.

Entregarse a facer *loitas* era unhas das diversións preferidas polos rapaces¹³⁹. Tales confrontacións tiñan as súas regras (non vale, tal e tal, dicían previamente –dar puñetazos, por exemplo–) e as consideraban como un xogo de forza e tamén de habilidade (*maña*). Pero, a miúdo, acontecía que no transcurso da loita un dos participantes se enfadaba, ben porque ía perdendo e *tiña mala perder*, ou ben porque consideraba que o rival incumpriera as normas (*fixera trampas*). Daquela pasábase “da loita á pelexa”¹⁴⁰. O que empezaba coma un xogo orientado a determinar quen era o máis forte, remataba co máximo despregue posible de violencia por parte de ambos contendentes, sen excluír os *trompazos* e as *pedradas*¹⁴¹. Por veces, os nenos acababan maltreitos, sangrando ou mandados: “Eu tiña un dente medio roto nunha loita cun de Lemos de Cerdeira. Dérame unha patada cun zoco e ó dente saltáralle un cachiño”¹⁴².

¹³⁶ AMCV. Acta de comparecencia de José Hervés Hermo na Casa Consistorial da cidade de Vigo, celebrada o 23 de agosto de 1913. Xa cit.

¹³⁷ Vicente Risco: “Etnografía. Cultura Espiritual”, Ob. cit, p. 528-529.

¹³⁸ Entrevista de Xavier Castro a un informante que non desexa que se revele o seu nome.

¹³⁹ Xosé Ramón Mariño Ferro: *Autobiografía dun labrego*, Ob. cit., p. 18.

¹⁴⁰ *Ibidem*, p. 15.

¹⁴¹ *Ibidem*, p. 18.

¹⁴² *Ibidem*, p. 24.

Algúns dos xogos que practicaban os rapaces presentaban un elevado grado de violento. Como, por exemplo o galorcho, ó que se adoitaba xogar nas tascas do liño. O propio vello que explicaba o xogo, recoñecía que era un xogo moi bruto. Formábase unha rolda, e un que tiña na man o galorcho, que é unha corda, púñase no medio. “Se os da rolda conseguen quitarlle o galorcho, despois bóuranlle con el. E vano pasando dun a outro procurando que o que queda no medio non o vexa, para lle poderen zoupar cando menos pensa. Se o que panda tarda un pouco en quitarlle o galorcho a un dos da rolda, mallan nel coma no trigo”¹⁴³.

Tamén se rexistraban agresións en grupo ós nenos máis desvalidos ou que amosaban algunha rareza, en particular no ámbito da escola, como indicamos no correspondente apartado. E nestas lideiras, case sempre o *cabecilla* empurraba ós seus secuaces a protagonizar estas fazañas ominosas. E impuña sobre eles a súa férrea autoridade. O Laberco, que era o máis forte, gobernaba unha pandilla de seis nenos. No tempo das castañas lataban a escola para ir a apañalas. Enchían as faldriqueiras e de volta, ó pasar por diante da casa do xefe, este obrigaba ós demais a cederlle as súas castañas. Non tiñan máis remedio que facelo, aínda que fora de mala gaña, porque o que se resistía ameazábao cunha regañadura de dentes, ou, se facía falla, batíalle, e logo dicíalle: “–E agora, se te atreves, vas-llo a dicir a teu pai”. E ningún dos nenos se atrevía a contar nada ós seus pais¹⁴⁴.

Nun eido aparte estaban as pelexas que non se consideraban como un xogo, como podían ser as confrontacións entre bandas de diferentes barrios que se solventaban a pedradas, ou ramallazos¹⁴⁵. As batallas a *cantazos* entre pandillas rivais, aglutinadas en gran medida sobre a base do territorio (a aldea, o barrio), estaban á orde do día, e rara vez remataban sen que quedara algún neno descalabrado. Nada ten isto de extrano, pois no seu afrontamento os nenos empregaban tiracoios, fondas de coiro, arcos e frechas (feitas de madeira ou con varillas de paraugas), paus e cinturóns que se brandían para bater coa fevilla. Esta ambiente do pandillismo decimonónico agresivo, propio sobre todo da infancia lindante coa mocidade, aparece moi ben reflectido nas memorias de Ramón y Cajal e de Carlos Velo¹⁴⁶, na literatura de Pérez Galdós, na de Pardo Bazán e García Barros¹⁴⁷.

¹⁴³ *Ibidem*, p. 61.

¹⁴⁴ Manuel García Barros (“Ken Keirades”): *As aventuras de Alberte Quiñoi*. *Ob. cit.*, p. 54.

¹⁴⁵ *Ibidem*, p. 81.

¹⁴⁶ Carlos Velo: *Memoria erótica*, *Ob. cit.*, pp. 32-34

¹⁴⁷ Manuel García Barros (“Ken Keirades”): *As aventuras de Alberte Quiñoi*. *Ob. cit.*, pp. 81 e 87.

Polo que se refire a violencia dos rapaces contra dos adultos, que non poucas veces consistía en guindar pedradas ós transeúntes ou rachar os cristais dos establecementos, existe unha testemuña en *La Rosa*, as memorias de infancia de Camilo José Cela. Refería o escritor padronés a seguinte gamberrada: había en Tui unha farola que daba corrente. Os nenos divertíanse facendo unha cadea coas mans e cando pasaba un viandante o neno máis que estaba máis achegado collíalle a man, á vez que o que estaba no outro extremo tocaba a farola. O desavisado peón recibía un calambrazo que o deixaba descolocado e todos nenos aproveitaban para fuxir botándose a rir.

–“E, ó cabo, o Concello, decidiu intervir e arranxar a farola?.

–Non, o que fixo foi poñer un garda ó lado”¹⁴⁸.

As actitudes dos adultos verbo da violencia infantil eran dispares. Cando o espectáculo da violencia era enconada e claramente perigosa para a integridade física dos rapaces, pero tamén constituía unha ameaza para os viandantes e os cristais das casas, eran moitos os que trataban de poñerlle freo. Daquela facían o posible por freala, amonestando ós críos ou ben recurrido a súa vez a violencia: deste xeito, aplastaban a violencia empregando unha violencia maior: repartindo algún tortazo a algún neno que pillaban e poñendo en fuga os restantes. Eran uns *abusóns*, como adoitaban dicir os nenos. En particular, as mulleres (nomeadamente, as que eran nais) se mostraban moi contrarias ás pelexas entre nenos. Porén, tampouco faltaban adultos que festexaban ou *jaleaban* os conflitos infantís, mesmo encontrando neles un motivo de diversión, e considerándoos como unha expresión da virilidade incipiente. Non faltan testemuñas deste tipo de actitudes: “ós adultos gustáballes encirrar ós pequenos para que pelexasen uns cos outros”, revelaba un memorialista¹⁴⁹. E explicaba que había adultos que recurrían ó seguinte ardid: achegábase o provocador a un grupo de rapaces que estaban a xogar e contáballe a un neno que outro o insultara. Quentáballe a cabeza ata que conseguía que fora onde estaba o outro presunto vilipendiador e según se lle achegaba xa lle arreaba unha labazada. O que recibía o golpe sen saber por qué, alporizábase lóxicamente en extremo. A pelexa estaba armada, “e o adulto ría que se escachaba, sen que os rapaces se desen conta da trampa”¹⁵⁰.

Había outra maneira de encirrar ós rapaces para que pelexaran: o adulto trataba de picar ós cativos para que resolvesen a demostrar quen deles era o máis forte e valente. Cando xa lograba picalos, poñíalle unha palla no

¹⁴⁸ Camilo José Cela: *La Rosa*, Destino, Barcelona, 1968.

¹⁴⁹ Xosé Ramón Mariño Ferro: *Autobiografía dun labrego*, Ob. cit., p. 19.

¹⁵⁰ *Ibidem*.

hombreiro a un deles para que desafiara ós outros a ver se eran capaces de tirarlle. En canto algún aceptaba o desafío e lle tiraba a palla daba comezo a pelexa¹⁵¹. Como temos visto, este procedemento de inicio de puxilato tamén o practicaban os rapaces, sen que mediara a intervención dun adulto.

¹⁵¹ *Ibidem.*